

## **CEIP Ramón Cabanillas**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**CEIP RAMÓN CABANILLAS**

R/ JOSÉ ANTONIO SOUTO PAZ, 5  
15702 Santiago de Compostela  
981543183 981543183  
ceip.ramon.cabanillas@edu.xunta.es  
www.ceipramoncabanillas.es

# PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

## ÍNDICE

### I.- ANÁLISE DO CONTEXTO

1.- ASPECTOS XEOGRÁFICOS E SOCIO-ECONÓMICOS

2.- TIPOLOXÍA E ESTRUCTURA DO CENTRO

### II.- NOTAS DE IDENTIDADE. PRINCIPIOS E FINS XERAIS

1.- CONFESIONALIDADE

2.- COEDUCACIÓN

3.- LINGUA DE TRABALLO

4.- PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

5.- FORMULACIÓNS DE OBXECTIVOS E FINS

A.- DOCENCIA

B.- PARTICIPACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO

C.- INVESTIGACIÓN

### III.- ORGANIGRAMA

1.- ÓRGANOS DE GOBERNO: COMPOSICIÓN E FUNCIONS

A.- CONSELLO ESCOLAR

B.- CLAUSTRO

C.- EQUIPO DIRECTIVO

2.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

A.- COMISIÓN DE COORDIACIÓN PEDAGÓXICA

B.- EQUIPOS DE CICLO

C.- EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

D.- EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN

1.- BIBLIOTECA

2.- CONVIVENCIA

3.- TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

E.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

E EXTRAESCOLARES

F.- ORIENTACIÓN

1.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2.- TITORÍA

### IV.- CURRÍCULO INFANTIL

### V.- CURRÍCULO PRIMARIA

1.- ASPECTOS XERAIS

A.- OBXECTIVOS XERAIS PARA ESTE CENTRO

B.- METODOLOXÍA

C.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

D.- CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN

E.- LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

F.- CRITERIOS PARA INTRODUCIR OS VALORES

G.- CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

H.- TRANSVERSALIDADE

2.- COMPETENCIAS BÁSICAS

VI.- AVALIACIÓN DO PEC

VII.- PLANS

1. Plan de autoprotección
2. Plan acción tutorial
3. Plan de acollida ao alumnado estranxeiro.
4. Plan de adaptación en infantil
5. Plan de Igualdade

## INTRODUCCIÓN

É un proxecto global de actuación, que realiza o centro en coherencia cos principios educativos, coas necesidades derivadas do entorno e do propio alumnado, para dar resposta a un ensino de calidade a todos e cada un dos alumnos e das alumnas que acoden a este centro.

Toda organización precisa dunhas directrices que sirvan para orientar as actuacións que leven a cabo os individuos que forman parte delas. Na ensinanza, onde todos os membros realizan o seu traballo con independencia en aulas illadas, é preciso ter unhas pautas xerais claras e coherentes. **Determinaranse os criterios comúns de carácter didáctico e organizativo e os que corresponden á xestión administrativa do centro; polo tanto, constitúe o marco de referencia que recolle a explicitación das nosas conviccións e a formulación dos propósitos relativos ao ámbito curricular e de xestión.**

A nosa tarefa desenvolverase dun xeito coordinado entre todos os que formamos parte do centro educativo, de maneira que toda innovación ou proxecto de traballo teña unha continuidade e implique á totalidade. A pesar de ter vocación de estabilidade e continuidade, como a nosa sociedade está a cambiar de forma rápida, este proxecto debe ser aberto e flexible para adaptarse facilmente ante calquera situación de cambio, tendo como obxectivo común a formación integral do alumnado.

## O CENTRO

Denominación: CEIP “Ramón Cabanillas”

Código do centro: 15015998

Código da zona: 151427

CIF: Q6555578A

Teléfono e FAX: 981543183

Correo electrónico: [ceip.ramon.cabanillas@edu.xunta.gal](mailto:ceip.ramon.cabanillas@edu.xunta.gal)

O CEIP. “Ramón Cabanillas” atópase na rúa José Antonio Souto Paz, número 5, Concello de Santiago de Compostela.

É de carácter mixto, gratuito e público, financiado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, no que se imparte dúas etapas educativas: Infantil e Primaria

Está ao Sureste de Santiago, á marxe esquerda do río Sar, no Sup 7 de Pontepedriña, nunha zona de expansión urbanística no futuro.

**Número de unidades xurídicas actuais:**

- Unidades de Educación Infantil: 6, en funcionamento dúas unidades por cada nivel
- Unidades de Educación Primaria: 12, en funcionamento tres ciclos con catro unidades por cada ciclo, dúas en cada nivel.

**Catálogo de postos de traballo:**

- 8 Educación Infantil
- 11 Educación Primaria
- 2 Filoloxía Inglesa
- 1 Filoloxía Francesa
- 2 Educación Física
- 1 Formación Relixiosa
- 1 Educación Musical
- 1 Pedagogía Terapéutica
- 1 Audición e Linguaxe
- 1 Orientador

**ESTRUTURA-DEPENDENCIAS**

Este centro é de nova creación (2010). A pesar de contar con novas instalacións, existen unha serie de deficiencias das que se informou ao servizo correspondente e de posibles melloras detectadas no seu funcionamento e infraestructuras.

**Planta baixa:**

- Entrada
- Ximnasio con zonas de aseos e duchas
- Conserxería
- Comedor
- Cociña
- Almacéns
- Cuartos e aseos de persoal de limpeza
- Aula de recursos
- Aula de Educación Musical
- Biblioteca
- Aseos e aseos adaptados
- Cuarto de caldeiras
- Pista polideportiva cuberta
- Zona de herba

- Patio de columnas

#### **Planta primeira:**

- Entrada
- Baños de alumnado
- Catro aulas de primaria (primeiro ciclo)
- Seis aulas de educación infantil, cada unha co seu baño dentro da aula e acceso directo ao patio exterior.
- Aula de recursos de infantil
- Cuarto de limpeza
- Secretaría
- Xefatura de Estudos
- Dirección
- Departamento de Orientación
- Aula convivencia(acceso a ordenador, traballo individualizado, tutoría)
- Sala profesorado
- Patio de infantil
- Patio de cemento

#### **Planta segunda:**

- Oito aulas de Primaria
- Catro aulas de apoio (PT, AI, Atención Educativa)
- Aula de informática
- Cuarto de limpeza
- Aseos

### **ANÁLISE DO CONTEXTO**

O alumnado procede, maioritariamente, do Castiñeiriño, Pontepedriña, Sar, Belvís e zona este do Ensanche de Santiago dende o Hórreo e República da Arxentina.

A zona é urbana na práctica totalidade, mais aínda hai algunhas casas con horta e dependencias anexas.

O alumnado é moi variado, dende un nivel sociocultural alto, con motivacións moi dispares, con respecto aos de nivel socioeconómico baixo. Cabe destacar a incorporación de alumnado novo e estranxeiro que chega con descoñecemento do noso idioma ou desfase curricular.

Os hábitos de hixiene e alimentación son positivos.

O absentismo é escaso e as faltas son motivadas por enfermidade e moitas visitas médicas en horario escolar.

Existen instalacións deportivas, culturais e de ocio.

A poboación adícase principalmente ao sector servizos.

Curso a curso complétase a matrícula do centro (450 prazas) e aumenta o número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo., e pola ampliación da ratio designada pola Comisión de Escolarización.

## **EQUIPAMENTO E DOTACIÓN**

Consta de mobiliario e do material didáctico necesario. Hai un ordenador en tódalas dependencias con acceso a internet e pantalla interactiva nas aulas, biblioteca, aula de música e informática. Dispónse dun servizo de reprografía en rede a toda cor e dispositivos portátiles (tablet, miniportátiles E-Dixgal...)

As aportacións económicas son as da Consellería de Educación para funcionamento de centro, política lingüística, axudas a biblioteca, e aquelas outras posibles da participación en distintas convocatorias das administracións públicas.

No seu momento realízase o proxecto de orzamento anual e, no mes de xaneiro, a xustificación de ingresos e gastos, coa conseguinte aprobación no consello escolar.

O alumnado abona o custe do servizo de autobús cando sae do centro a actividades complementarias e as excursións, agás aquelas planificadas polo centro dentro da localidade ou concello de Santiago de Compostela.

## **RELACIÓNS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA**

Apostamos por manter unha relación correcta e respectuosa entre todos os membros da comunidade educativa, polo que na maioría dos casos o nivel de colaboración das familias co centro é satisfactorio. En xeral os pais/nais e titores legais acoden ao centro a informarse sobre os seus fillos, ben por iniciativa propia ou cando son chamados.

Hai unha asociación de nais e pais (ANPA), que xestiona axeitadamente os servizos e actividades fóra do horario lectivo do alumnado.

## **RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS**

- UNIVERSIDADE: Participaremos na formación de alumnado en prácticas, en traballos de investigación e doctorandos. O alumnado en prácticas, mentras permaneza no centro, consideraranse a todos os efectos, como persoal do mesmo.

Realizarán as prácticas co mesmo horario do seu titor e de acordo coas instrucións do centro do que proveñen.

- RELACIÓN CO CONCELLO: é fluída e contínua, sobre todo co Departamento de Educación en todo o referido a reparación e mantemento das instalacións do centro e, asistencia ás actividades educativas que oferten ao longo do ano, axeitadas ao noso alumnado como reforzo da programación de aula. O equipo directivo reunirse cos representantes municipais para organizar e expoñer as necesidades do colexio e a través do seus representante no Consello Escolar.

- RELACIÓN CON SERVICIOS SOCIAIS: Participación do alumnado en habilidades sociais. Reunións periódicas coa unidade de atención á familias por parte do Departamento de Orientación para facer seguimento do alumnado dunhas familias concretas, por condición social desfavorables. Igualmente velamos polo estricto cumprimento do protocolo de absentismo escolar no noso centro, polo que a Xefatura de Estudos contacta e colabora cos distintos axentes educativos e sociais implicados.

- RELACIÓN CO SERVICIO DE SAÚDE MENTAL E ATENCIÓN TEMPERÁ DO CHUS: Colaboración, por parte do DO (Departamento de Orientación), con todo tipo de información que se solicite, polo ben do alumnado implicado.

- RELACIÓN COS IES: Colaboración en todo cos IES de Ponte Pedriña e de Sar, aos que estamos adscritos. Intentaremos conseguir xuntanzas co noso orientador e unha visita do alumnado a finais de cada curso.

- EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DE A CORUÑA

- CAFI a través de cursos, grupos de traballo e seminarios de formación.

- COLABORACIÓNS COAS ASOCIACIÓNS ESPECÍFICAS que atenden as ANEAE a través do xefe do departamento de orientación do centro.

## **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

O transporte, con servizo de acompañante, está a cargo de Transportes Rías Baixas e Monbús, gratuíto para o alumnado da zona de escolarización cunha distancia ao seu domicilio superior aos dous Km. De haber prazas vacantes solicitarase autorización anual ao Xefe Territorial, en primeiro lugar, para os alumnos



que teñan o domicilio a unha distancia inferior a dous Km e, en segundo lugar, aos que non lles corresponda por zona de influencia.

As rutas estarán sinaladas por cores para facilitar a súa identificación (vermello, azul, verde e amarelo segundo sexa ruta 1, 2, 3 e 4)

O profesorado controlará ao alumnado de transporte, dentro do recinto escolar, á entrada e saída.

Servizo de aula matinal e comedor en días lectivos, xestionadas polo Concello por medio da empresa adxudicataria, para conciliar a vida laboral e familiar dos proxenitores ou titores legais:

- Programa “madrugadores”: Está atendido por monitores, que se encargan de abrir o centro, recoller aos nenos e nenas, darlles o almorzo e realizar actividades ata a hora de incorporación ás filas para a entrada á clase.
- Comedor: Atendido por monitores que se encargan de todos os usuarios pretendendo fomentar hábitos de hixiene persoal, incorporación de todo tipo de alimentos, utilización de todo tipo de utensilios para comer e estimulación mediante o xogo.

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

O ANPA do centro organiza e xestiona anualmente actividades segundo a demanda existente, fóra do horario lectivo de 16:30 a 18:30 horas, que enriquecen o ocio do alumnado e serven como complemento da formación educativa.

O Concello tamén xestionará actividades extraescolares fóra do horario lectivo.

Aparecerán detalladas na PXA.

## **UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO**

O centro autoriza o uso de instalacións en días lectivos para o servizo de madrugadores, comedor e as actividades extraescolares en horario de tarde (catro e media a seis e media) que serán xestionadas pola ANPA do centro. O centro só cede as instalacións. A ANPA responsabilízase dos danos, gastos e prexuízos ocasionados polos usuarios, así como da responsabilidade civil que poida derivarse de calquer incidencia durante o horario de tales servizos e actividades. Só poderán utilizar o recinto escolar os usuarios de tales actividades, estando totalmente prohibido o acceso ás instalacións de calquer outra persoa allea ás mesmas.

Igualmente cederá as instalacións ao Concello para organizar actividades coas mesmas condicións.

Ningunha persoa terá acceso ao interior do recinto escolar, salvo autorización expresa de dirección. A conserxe encargárase dese control.

### **Biblioteca**

Será o lugar de arquivo de todo o material bibliográfico, de audio e vídeo do Centro. Cada mestre/a será o responsable do seu grupo, cando acuda co alumnado, e velará porque quede todo o material no lugar correspondente

Funcionará con préstamos ás casas, para iso haberá un profesor/a encargado sempre á hora do recreo.

Permanecerá aberta ás horas do recreo.

O alumnado e profesorado respectará as normas establecidas polo equipo de biblioteca

Os libros que se retiren para as aulas ou as casas deben rexistrarse en MEIGA.

### **Aula informatizada**

Nomearase un coordinador das TIC, que dinamizará todas as actividades.

A utilización en horario lectivo aterase ao proxecto anual de TIC.

Será de uso exclusivo do centro. En casos puntuais dirección en coordinación co equipo TIC poderá autorizar a súa utilización a outros membros da comunidade escolar sempre que se responsabilicen do mantemento dos equipos informáticos, colaboren no gasto de consumibles, non instalen ningún software nin descarga sen coñecemento previo do coordinador TICs e asuman a responsabilidade civil que poidera derivarse de calquera incidencia que teña lugar nese tempo. O acceso será de forma ordenada, polas escaleiras principais, acompañados polo responsable da actividade.

### **Ximnasio e aula de psicomotricidade**

Poderán ser utilizadas para actividades extraescolares en días lectivos, previa solicitude e autorización de dirección. O material non será utilizado.

As persoas que os utilicen serán responsables da vixilancia, desperfectos e responsabilidade civil.


## ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS

Contamos cun posto de taballo con funcións administrativas no centro, co horario completo e baixo a ponsabilidade da Secretaría do centro.

O persoal de servizos pertence á empresa FERROVIAL e consta de unha conserxe e dúas persoas para a limpeza diaria de todas as dependencias do Centro. Puntualmente, unha terceira persoa, encárgase de cristais e limpeza xeral do patio exterior.

Seguen as instrucións que constan no seu contrato, na PXA anual e no NOF do centro.

## ESTRUTURA ORGANIZATIVA



## ÓRGANOS DE GOBERNO

O funcionamento dos órganos de goberno queda regulado pola normativa vixente. Velarán pola correcta realización dos fins da educación e pola mellora da calidade do ensino. Son:

- **Equipo directivo:** director/a, xefe/a de estudos e secretario/a. A normativa recóllese no artigo 131 e 139 da LOE e as competencias do director son as enumeradas no artigo 132. Traballarase de forma coordinada no desempeño das súas funcións, reservando unha sesión semanal para tal fin.
- **Colexiados:** consello escolar e claustro de profesores/as.

### Consello escolar:

A composición será segundo o artigo 126 da LOE 2/2006 de 3 de maio e a súa renovación segundo o disposto na lexislación vixente.

As competencias serán as fixadas no artigo 127 da mencionada lei.

Haberá catro comisións:

- Económica formada por un profesor, un pai, secretario e director.

- De Convivencia formada por dous profesores, un pai, xefe de estudos, orientador e director, sendo designada unha persoa como responsable da mediación e coeducación no centro.
- Permanente, formada polo equipo directivo e pai/nai representante da ANPA.
- De escolarización do alumnado formado polo equipo directivo e un pai/nai

**Claustro:** A composición e competencias serán as establecidas nos artigos 128 e 129 da LOE.

### **ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

A súa regulación e réxime de funcionamento son os contemplados na LONCE, ROC (Regulamento orgánico de centros ), NOF (Normas de organización e funcionamento do centro) e PXA (Programación xeral anual).

- Equipos de ciclo: Nas reunións periódicas debatiranse as propostas de programación, criterios de avaliación, actividades complementarias e extraescolares, elección de libros de texto, atención á diversidade de demais posibles medidas educativas. As propostas levaranse á C.C.P., ao D.O. e dos equipos de dinamización. Tomaranse as decisións por maioría e asumiraas todo o profesorado que imparta docencia nese ciclo.
- Comisión de coordinación pedagóxica
- Equipo de orientación que colabora co equipo directivo no deseño e toma de decisións de acción educativas e na relación coas familias.
- Equipo de dinamización Lingüística (Fomento e uso do galego)
- Equipo de Actividades complementarias
- Equipo de dinamización de biblioteca
- Equipo dinamización de medio ambiente
- Equipo dinamizador de TICs

As decisións tomadas polos diferentes equipos deben ser informadas a todo o profesorado. Todas as funcións e competencias están reguladas no Decreto 374/1996 e Orde 22 de xullo de 1997, salvo as dos equipos de dinamización que veñen reguladas na Orde do 17 de xullo de 2007.

### **HORARIO**

**DO PROFESORADO.** O profesorado terá 30 horas semanais de permanencia no centro, 25 de horario lectivo. As 5 restantes de presenza no centro adicaranse a reunións de equipos e órganos colexiados, dinamizacións, sesións de avaliación, gardas das tardes e titorías. Os martes serán fixas desde as 16:00 a 19:00 horas,

sendo a primeira hora e media para reunións e a segunda hora para titorías de nais e pais; contabilizarán as quendas de garda das tardes de 16:30 a 18:30 horas, dos luns, mércores e xoves de atención á biblioteca, como única actividade extraescolar para o alumnado, organizada polos docentes. O profesorado que realice gardas de custodia de alumnado de transporte verá reducido o tempo correspondiente durante o tempo lectivo do alumnado.

## **DO ALUMNADO.**

O horario lectivo do alumnado é de 9:00 a 13:55 en Infantil e de 9:00 a 14:00 en Primaria.

O alumnado de tres anos terá un período de adaptación no mes de setembro, que será organizado polo equipo docente, unha vez coñecido o número de alumnos e o calendario escolar anual correspondiente.

O centro permanece aberto e o alumnado custodiado por persoal non docente e xestionado pola Anpa, no seguinte horario nos días lectivos:

- De 7:30 horas a 9 para o servizo de Aula Matinal con almorzo.
- De 14:00 a 16:30 para comedor.
- De 16:30 a 18:30 para actividades extraescolares.

O alumnado transportado estará atendido polo profesorado de garda dende a chegada do primeiro autobús, e nunca antes das 8:50 horas.

## **ADSCRICIÓN DO PROFESORADO**

Farase nos primeiros días de setembro atendendo a Orde do 28 de xuño de 2010. A integración nos equipos é voluntaria, salvo nos que é obrigada polas súas características. Procurarase que estea un representando a cada ciclo.

## **FORMACIÓN DO PROFESORADO**

Dende dirección informarase e favorecerase a asistencia a todos os cursos organizados polas administracións educativas e outras institucións. Poderanse cambiar os días de garda das tardes para tales fins.

## **DISTRIBUCIÓN HORARIA DA XORNADA ESCOLAR**

|                     |               |
|---------------------|---------------|
| PRIMEIRA HORA.....  | 9:00 a 9:55   |
| SEGUNDA HORA.....   | 9:55 a 10:50  |
| TERCEIRA HORA.....  | 10:50 a 11:40 |
| <i>RECREO</i> ..... | 11:40 a 12:10 |

CUARTA HORA.....12:10 a 13:05

QUINTA HORA.....13:05 a 14:00

### **RECREOS**

PRIMARIA 11:40 a 12:10

INFANTIL 11:10 a 11:40

## **AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO**

-Orde alfabética de apelidos

-Equilibrio entre nenas e nenos en cada un dos grupos.

-Igualar numericamente o número de alumnos e alumnas en cada curso.

-Equilibrar ANEAE entre grupos.

-Posible alumnado repetidor.

-Os de novo ingreso, asignaranse atendendo aos criterios xerais.

-Os de incorporación ao longo do curso, será ao grupo con menor alumnado, ata avaliar e confirmar a matrícula definitiva, tendo en conta as características das aulas e do alumnado que se incorpora (con dificultades, problemas condutuais, aneae).

- Tódolos anos estableceranse os reagrupamentos do grupo clase tendo en conta a integración e socialización do alumnado nos grupos de 1º,3º e 5º nivel de Primaria Os reagrupamentos serán organizados polos titores e titoras correspondentes, no mes de xuño (oído o equipo de profesores que impartiu clase), e asesorados polo Departamento de Orientación do centro e Xefatura de Estudos, co fin de:

- Integrar e socializar ao alumnado.
- Equilibrar os grupos, atendendo á diversidade, procurando evitar diferencias en canto ao nivel educativo do alumnado entre A e B.
- Tratar de resolver dificultades (convivencia entre nenos, problemas de conduta, acoso).
- Ademais dos agrupamentos de grupo clase ordinario, establecemos outro tipo de agrupamentos que cumpran varios obxectivos:
  - Favorecer o ritmo de aprendizaxe individual de cada neno.
  - Fomentar unha maior integración entre o alumnado.
  - Adecuación metodolóxica ás necesidades particulares de cada persoa.

Teremos en conta para eses agrupamentos:

- 1.- Os recursos humanos existentes no centro.

2.-Os espazos libres.

3.-As necesidades pedagóxicas do alumnado.

Creemos que é enriquecedor para o alumnado e para o grupo ter flexibilidade en canto a agrupamentos, dependendo das características dos nenos e nenas e das actividades que realicen, sempre que contemos con suficientes recursos humanos. Os reforzos faranse preferentemente na aula ordinaria, e seguindo o criterio establecido polo titor/a e o profesorado que interveñan nese grupo, tendo en conta as directrices do Departamento de Orientación.

Os titores e titoras deben informar ás familias, unha vez tomada a decisión.

## **SEÑAS DE IDENTIDADE**

### *Confesionalidade*

- O colexio maniféstase aconfesional. Respecta todas as crenzas e ideoloxías do alumnado, profesorado e demais membros da comunidade educativa.
- No momento de matricularse as familias poden escoller o tipo de formación relixiosa que desexen para os seus fillos, ou ben, serán atendidos en Atención Educativa, con actividades non curriculares, programadas anualmente en función do alumnado que o solicite.
- Estimulamos a actitude crítica ante a pluralidade de ideas da sociedade, para que o alumnado sexa capaz de formar o seu propio criterio, analizando a realidade de forma obxectiva.

### *Coeducación*

- Fomentamos a igualdade de xénero en todas as actividades, tanto dentro coma fóra da aula, evitando actitudes sexistas.
- Contribuímos a superar as discriminacións por razóns de sexo, empregando medios non discriminatorios (libros, películas, láminas..)
- Favorecemos a capacidade de comunicación non sexista.
- Potenciamos a conciencia crítica dos nenos e nenas, provocando situacións que leven á análise de situacións reais.

### *Integración*

- Fomentamos o respecto pola diferenza (costumes, relixión..), entre as persoas e a valoración positiva do enriquecemento que supón a diversidade.
- Establecemos estratexias (metodolóxicas, curriculares, organizativas) que permitan a participación real do alumnado ANEAE

- Favorecemos a adquisición de linguas (galego-castelán) a todo o alumnado procedente do estranxeiro.

#### *Participación*

- Participación activa, responsable e solidaria en todas as decisións e actividades.
- Potenciamos a participación real de todos os estamentos na xestión do centro, mediante os representantes eleixidos en cada sector.
- Implicamos a todos no traballo en equipo, colaboración e axuda, tanto a nivel horizontal como vertical.

#### *Respecto*

- Respectamos o pluralismo ideolóxico.
- Fomentamos o respecto polas persoas que nos rodean, mobiliario e instalacións do centro.
- Favorecemos o clima de convivencia, empregando o diálogo como medio para a resolución de conflitos.

#### *Defensa do medio ambiente*

- Fomentamos unha actitude de defensa e coidado do medio natural, por ser único e insustituíble.

#### *Innovación*

- Abertos a todos os métodos que contribúan á mellora do noso ensino.

#### *Aberto ao contorno*

- Colaborar con todas as organizacións ou empresas de carácter público ou privado que contribúan ao cumprimento dos nosos obxectivos, sempre que non impliquen fins comerciais directos co alumnado.

#### *Ámbito humano*

- Potenciamos un clima de traballo agradable, baseado na confianza e respecto mutuo.
- Favorecemos a participación do profesorado en actividades de formación, co fin de proporcionar unha mellor atención humana e profesional aos nosos nenos e nenas.
- Poñemos os medios para potenciar todos os aspectos que integran a personalidade do alumnado.
- Fomentamos a autoestima para que os nenos se sintan capaces de realizarse como persoas.



### *Ámbito educativo*

- Preparamos para a participación activa na vida social e cultural.
- Fomentamos a formación de hábitos e técnicas de traballo, autonomía e conduta, así como coñecementos humanísticos, técnicos, históricos e científicos.
- Favorecemos a organización e utilización dos recursos do centro e do seu contorno.
- Fomentamos a lectura e o uso da biblioteca como recurso educativo e fonte de pracer para o noso alumnado.
- Potenciamos o desenvolvemento da responsabilidade e o esforzo persoal.
- Inculcamos hábitos de orde e limpeza.
- Impulsamos a creatividade.
- Potenciamos a adquisición de idiomas e a integración curricular das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

## **PARTICIPACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO**

- A consecución dos obxectivos pasan pola participación de todos os órganos do centro.
- A participación rexirase polo modelo de xestión aberta e democrática, dentro do respecto ás institucións e aos individuos.
- A xestión do centro seguirá un modelo participativo, creando un ambiente de diálogo, para que todos nos sintamos partícipes dun proxecto común.
- Fomentarase o funcionamento e coordinación dos equipos e órganos colexiados.
- Intentarase a máxima colaboración co Concello e outras entidades.
- Potenciarase a participación do profesorado, nais e pais nos órganos colexiados.

## **OBXECTIVOS XERAIS DE CENTRO**

### **1. EDUCAR PARA A LIBERDADE E A RESPONSABILIDADE.**

Propónse educar ao alumnado no exercicio responsable da súa liberdade para que, libre e responsablemente, elixa as súas opcións, actúe de acordo con elas e acepten

e valoren as súas consecuencias, que os levará a conseguir un concepto positivo de sí mesmos e á valoración do mundo que o rodea, aplicando criterios propios.

## **2. EDUCAR PARA A SOLIDARIEDADE E A CONVIVENCIA.**

Trátase de educar en, e para, a solidariedade, convivencia, a tolerancia, paz e a igualdade, fomentando actitudes de diálogo e de respecto a todas as persoas, pobos e cultura; que coñezan e valoren os dereitos e liberdades da Declaración Universal de Dereitos Humanos e da Constitución Española, sensibilizándoos para que participen de forma democrática nas relacións diarias do centro.

## **3. EDUCAR PARA O FUTURO.**

Dende o centro preocuparémonos polos problemas máis próximos, contribuíndo por medio da formación dos nosos alumnos ao progreso do barrio e cidade, facendo que se interesen pola súa terra, pola súa cultura, tradicións e valores.

## **4. FAVORECER A APRENDIZAXE COMO RESULTADO DA EXPERIENCIA.**

Partindo dos coñecementos previos do alumnado, coa súa diversidade dende os menos preparados ata o ANEAE, o profesorado pretende realmente converter as súas clases nuha experiencia de aprendizaxe, mediante unha participación activa e de cooperación do alumnado nas tarefas escolares, de forma que se den conta que lle serve para aplicala en diferentes contextos e de maneira que se senten as bases para que sexan capaces de aprender ao longo de toda a vida.

O profesorado adaptará os contidos á evolución psicolóxica e ao ritmo de aprendizaxe do seu alumnado. O traballo será globalizador e integrador, favorecendo a conexión entre as diferentes áreas.

Interrelacionaranse os diferentes contidos curriculares para que adquiran un grao de desenvolvemento nas distintas competencias

## **5. FOMENTAR HÁBITOS DE LECTURA, COMO MEDIO DE FORMACIÓN E PRACER.**

## **6. POTENCIAR O USO DAS TIC como recurso e reforzo educativo.**

## **7. MANTER UNHA BOA RELACIÓN COS COLEXIOS DO ENTORNO E COAS DIFERENTES INSTITUCIÓNS.**

8. **FAVORECER O USO DA LINGUA GALEGA:** Como sinal de identidade de Galicia, potenciaremos a formación do alumnado en todos os eidos da nosa cultura (lingua, literatura, arte, costumes, festas populares...)

9. **POTENCIAR A CONSERVACIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE:**

- Desenvolvemento da conciencia e sensibilidade por cuestións medioambientais.
- Identificación dos problemas ambientais do contorno, buscando solucións de forma creativa para conservalo e melloralo.

10. **DISTRIBUIR FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES**, co fin de conseguir unha xestión participativa.

## **METODOLOXÍA**

Aínda que este centro respecta a liberdade metodolóxica por parte de cada profesor, a continuación propoñemos unhas liñas xerais que cada docente adecuará á súa práctica educativa concreta (alumnado, condicións, áreas,...):

a) Partiremos dunha avaliación inicial que nos permita coñecer o nivel dos escolares para partir así dos coñecementos previos.

b) Fomentaremos un ensino globalizado, interrelacionando os contidos das diferentes áreas.

c) Favoreceremos a adquisición de estratexias de aprendizaxe de maneira individual, que os capacite para ser unha parte activa do proceso e lles permita adquirir habilidades, destrezas, actitudes, conceptos, intereses,... xunto ás do resto de compañeiros e compañeiras nun ambiente de cooperación: alumnado suxeito protagonista da súa formación.

d) Como mestres e mestras, deberemos facer uso das estratexias e as innovacións necesarias para adaptarnos ás características específicas de cada alumno, orientando a aprendizaxe á súa aplicación en contextos diferentes e diversificados.

e) Adaptaremos os contidos á evolución psicolóxica e ao ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna: atención personalizada.

f) No desenvolvemento da aprendizaxe autónoma consideramos esencial que o alumnado lle encuentre sentido ao traballo que realiza e valore a súa funcionalidade. Para iso, consideramos precisos enfoques didácticos que lle permitan utilizar de forma autónoma a biblioteca e TICs como recursos de aprendizaxe, aspectos que potenciarán o proxecto lector e o plan de dinamización das TIC do centro.

g) Consideramos metodolóxicamente importante o rol do profesorado para facilitar que, partindo dos contextos concretos do noso alumnado, se fomente unha aprendizaxe construtiva que sexa aplicable a múltiples contextos e fomentando un alumno motivado e seguro de sí mesmo.

h) Potenciaremos o traballo en equipo, de forma coordinada entre os diferentes ciclos, así como cos IES de Pontepedriña e Sar.

i) Apostamos por unha escola integrada no medio que nos rodea, por iso valoramos positivamente a formación que se poida adquirir fóra do centro, aproveitando todos os recursos educativos que nos ofrecen.

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Os materiais e recursos elixiranse de forma coordinada, por maioría, en cada un dos ciclos nos primeiros días de xuño.

Apostarase por materiais:

- Manipulativos
- Non discriminatorios
- Uso comunitario e cooperativo
- Que non degraden o medio ambiente
- Fáciles de usar
- Axeitados ao alumnado

Os materiais necesarios para o profesorado estarán localizados na aula de recursos do centro coa finalidade de compartilos entre todos.

Aparte dos recursos internos do colexio debemos aproveitar todos os que nos ofrece o medio e o contorno no que estamos.

## **CONCRECCIÓN DO CURRÍCULO**

### **EN EDUCACIÓN INFANTIL**

As bases para a elaboración da programación en educación infantil, atópanse na Lei Orgánica 2/2002 no Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro, polo que se

establecen as ensinanzas mínimas, no Decreto 330/2009 de 4 de xuño polo que se establece o currículo e na Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, desenvolvemento e avaliación da educación infantil

## **OBXECTIVOS DO AREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMIA PERSOAL**

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitación a través da interacción con outras persoas.
- Desenvolver sentimentos de autoestima e alcanzar maior autonomía persoal.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións.
- Descubrir as posibilidades de acción e de expresión, coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaz de expresalos e comunicalos, así como identificar e respetar tamén o das outras persoas.
- Tomar conciencia, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas o resolver problemas da vida cotiá.
- Aceptar as pequenas frustracións e manifestar unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo capaces de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando a adopción de comportamentos de sumisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, hixiene, alimentación e fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento de tarefas.
- Mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferencias individuais: idade, sexo, cultura, personalidade, características físicas,....

- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia ,o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto cara as demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

## **OBXECTIVOS DO AREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO**

- Observar os cambios e modificacións no entorno e relacionalos cos factores que os producen.
- Desenvolver actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na conservación do entorno.
- Descubrir algunhas características , formas de vida e funcións do seres vivos
- Relacionarse coas demais persoas de forma equilibrada e satisfactoria interiorizando progresivamente pautas de comportamento social e axustar a súa conducta a elas interiorizando progresivamente pautas de comportamento social e axustando a súa conducta a elas.
- Coñecer características, producións, valores e formas de vida dos grupos sociais máis cercanos e recoñecendo a presenza entre nos de outras culturas e respetándoas.
- Vivenciar as distintas formas de organización social do tempo(aproximación a o uso do calendario)
- Coñecer elementos da cultura galega (folclore, tradicións, festas, costume)
- Empregar o coñecemento matemático para comprende situacións e resolver problemas da vida cotiá: medindo, pesando,comparando,ordenando...
- Afianzarse na formulación de hipóteses, buscando resposta e explicación a distintos feitos, anticipándose os resultados que se poden producir tanto na vida diaria como nalgúns experimentos

## **OBXECTIVOS DO AREA DE LINGUAXES: COMUNICACION E REPRESENTACION**

- Adquirir maior competencia no uso das distintas linguaxes (verbal, escrita, corporal, musical e plástica) como instrumentos de comunicación, de representación e de gozo
- Seguir progresando no uso das dúas linguas oficiais da Comunidade, entendendo mensaxes en cada unha delas e adquirindo maior competencia na súa expresión
- Recoñecer a importancia da linguaxe corporal na comunicación humana interpretando o xestos de outras persoas e usando o propio corpo como medio de comunicación.
- Diferenciar a palabras escrita de outras formas de representación gráfica: debuxo, números, ... progresando na súa competencia na escritura; sendo cada vez máis conscientes da súa importancia como medio de representación de ideas, pensamentos, experiencias,...
- Comprender o discurso doutras persoas, adoptando unha actitude positiva cara as linguas
- Afianzarse no uso oral dunha lingua estranxeira (inglés)

## CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BASICAS

Tal e como indica referente o *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, a nosa metodoloxía adaptase ao reto da adquisicións das competencias básicas por canto se inspira nos principios de «aprender a aprender» e de «aprender facendo», buscando en todo momento que as aprendizaxes sexan significativas.

A nosa actividade didáctica fundamental xira ao redor dos Proxectos, así propoñemos tarefas e retos que incitan ao alumnado a mobilizar os seus coñecementos e habilidades, garantindo nas nosas aulas a posta en práctica das competencias básicas.

Indicamos a continuación algúns exemplos de contribución desta etapa ao desenvolvemento das distintas competencias:

- ✓ Competencia en comunicación lingüística.
  - Actividades diarias de expresión oral na asemblea.
  - Traballos de composición de distintos tipos de texto relacionados cos proxectos e secuencias didácticas.

- Traballo de animación lectora relacionada con contos que supoñan o descubrimento do pracer pola lectura.
- ✓ Competencia matemática.
  - Actividades diarias relacionadas coas rutinas, tanto no traballo de calendario, data, como rexistro de asistencia, recollidos da axenda de aula.
  - Desenvolvemento de proxectos que partindo de experiencias da vida cotidiana do alumnado lle permitan empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático.

- ✓ Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

Esta competencia implica no fundamental, o desenvolvemento e aplicación do pensamento científico-técnico para interpretar a información que se recibe e para predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal.

Ao longo deste curso desenvolveremos actividades e proxectos que convidarán ao alumnado á posta en práctica e adquisición desta competencia, iniciándoo no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación mediante a formulación de hipóteses, recoñecemento das evidencias, observación, formulación de interrogantes, descubrimento de alternativas, verificación, predicción, xeración de novas ideas e solucións.

- ✓ Tratamento da información e competencia dixital.

Esta competencia implica ser unha persoa autónoma, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas.

No desenvolvemento dos proxectos, recurrimos ao acceso a internet para recoller distinta información e poñela en contraste coa que o alumnado aporta desde a súa propia experiencia.

A verificación por diferentes fontes desta información e a constatación de que non existe unha única resposta a todas as preguntas que se formulan, nin unha única solución a cada problema que se plantexa, axudaran ao alumnado na adquisición desta competencia.

- ✓ Competencia social e cidadá.

Entre as habilidades desta competencia destacan nesta etapa coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as



alleas, ser capaz de poñerse no lugar do outro e de comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio, así como tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo. Ademais, implica a valoración das diferenzas á vez que o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.

A asemblea de aula, a primeira hora da mañá, é o espazo máis axeitado para desenvolver estas habilidades, onde o hábito de escoitar e respectar as expresións do resto convírtese nun obxectivo fundamental.

Ademáis participaremos, xunto co resto do centro, no desenvolvemento do proxecto de igualdade participando nos obradoiros trimestrais.

✓ Competencia cultural e artística.

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e de gozo e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

As actividades desenvolvidas na aula sobre a arte, xunto con outras actividades como a recreación dun cadro dun pintor galego (desenvolvida a nivel de centro), traballos de recollida de textos de tradición oral e popular, ... van axudar ao alumnado a adquirir estas competencias.

✓ Competencia para aprender a aprender.

A práctica educativa desenvolvida polo equipo docente deste ciclo está centrada na adquisición desta competencia. Os proxectos programados, máis aqueles que vaian xurdindo das propostas dos nenos/as ao longo do curso van incidir na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización da tarefa.

✓ Autonomía e iniciativa persoal.

Esta competencia refírese, por unha parte, á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas como a responsabilidade, a perseveranza, o autoconhecimento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular

riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

Podemos subliñar algunhas actividades que se desenvolven nas aulas de EI para aumentar no alumnado esta competencia como son as votacións nas asembleas para a toma de decisións, ou o fomento da responsabilidade através das rutinas relacionadas co tratamento dos obxectos persoais ou a celebración dos cumpleanos.

## CRITERIOS DE AVALIACION

### AREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMIA PERSOAL

Coñecer o seu corpo globalmente e identificar algúns dos seus elementos e algunhas características diferenciais.

Explorar as posibilidades motrices e posturais do seu corpo e comezar a empregalas coordinadamente axeitándoas, progresivamente, ás diversas situacións.

Desenvolver de forma gradual hábitos de coidado e hixiene.

Desenvolver a coordinación óculo-manual necesaria para a manipulación e utilización de obxectos e a forma de representación gráfica.

Adecuar progresivamente o propio comportamento ás necesidades e ás demandas dos outros.

Coñecer e identifica-la existencia doutras persoas dentro do noso medio e fóra del pertencentes a outras razas que posúen diversos trazos físicos e que teñen distintas formas de vida, hábitos e algúns costumes diferentes ós nosos.

Descubrir de forma progresiva as posibilidades e limitacións do propio corpo aceptándose a si mesmo/a.

Amosar interese na aprendizaxe de novas destrezas.

Adquirir unha imaxe positiva de si mesmo/a mediante o coñecemento do propio corpo, das súas posibilidades e limitacións, aceptándoas e valorándoas.

## AREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Observar e manipular os obxectos e materiais do entorno e manter en todo momento unha actitude de respecto e coidado do mesmo
- Descubrir algúns atributos e propiedades dos obxectos:forma, cor, tamaño
- Afianzarse na clasificación de obxectos atendendo a criterios dados e usar os cuantificadores aprendidos
- Afianzarse na orientación espacial e posición respecto obxectos,persoas e lugares e iniciarse na representación do espacio e no uso de mapas e planos
- Empregar os números coñecidos para contar,clasificar, numerar e usalos para solucionar problemas da vida cotiá
- Usar e comprender nocións temporais básicas, ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida
- Investigar o comportamento físico de diferentes obxectos así como achegarse a algunhas magnitudes físicas dos mesmos
- Progresar na medida con diferentes instrumentos:convencionais e non convencionais
- Recoñecer os estados da auga e a súa importancia para os seres vivos e o medio e identificar a necesidade da súa conservación e o uso responsable da mesma
- Progresar na identificación do propio corpo e no proceso de crecemento
- Observar e recoñecer as características e funcións dalgún ser vivo
- Formular hipóteses buscando resposta ao porque deses cambios
- Adquirir conductas e actitudes de respecto e coidado cara o entorno e os seres vivos
- Distinguir os membros da súa familia e identificar o parentesco, ocupacións e funcións, así como adquirir respecto polos distintos tipos de familias
- Distinguir os nomes dos compañeiros e mestres e relacionarse con eles dunha forma cada vez máis axeitada e colaborar na resolución de conflitos

|   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar as funcións que cumpren algunhas persoas da comunidade: a policía</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participar en festas, costumes e tradicións do entorno</li> </ul>                        |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar os medios de comunicación máis importantes da comunidade</li> </ul>          |

|  |
|--|
| <b>AREA DE LINGUAXES: COMUNICACION E REPRESENTACION</b>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar axeitadamente a lingua oral con distintas intencións comunicativas</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Valorar a linguaxe oral como medio de adquisición de coñecementos.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar un léxico variado con unha construción da frase acorde a súa idade.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregar de maneira axeitada formas socialmente establecidas para relacionarse cos demais.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respetuosa.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Amosar interese polos textos escritos</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Producir diferentes textos, segundo a súa etapa na adquisición da lingua escrita, de forma individual ou en grupo.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar atentamente a lectura, en voz alta, de textos literarios e instrucións.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diferenciar entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar palabras significativas percibindo semellanzas e diferenza entre elas.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar a biblioteca como recurso informativo, de entretenemento e gozo.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descubrir e experimentar algúns elementos das distintas linguaxes artísticas: forma, liña, textura e cor, son, silencio e volume, ritmo e melodía, movemento e quietude.</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Explorar e experimentar diferentes técnicas de expresión plástica.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Observar diferentes obras plásticas e participar na realización dalgunha.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Explorar as posibilidades sonoras do propio corpo e do contorno natural e social.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizar na medida das súas posibilidades a linguaxe audiovisual e as TIC'S.</li> </ul>   |

## LINGUA ESTRANXEIRA EN INFANTIL

## XUSTIFICACIÓN

O que pretendemos con este proxecto de anticipación é que os nen@s do segundo ciclo de educación infantil (3-6 anos) tomen contacto e adquiren un segundo idioma e cultura, neste caso a lingua inglesa, dunha maneira natural e similar ao proceso de adquisición da lingua materna, é dicir por inmersión en dito idioma a través de situacións que lles son familiares e baseándonos no desenvolvemento das destrezas orais, potenciando o seu desenvolvemento intelectual, expresivo, psicomotor e social e ao mesmo tempo fomentando a interacción entre os nenos e nenas. Deste modo os alumn@s presentarán unha actitude receptiva cara outras culturas ampliando as súas capacidades de pensar e expresarse noutras linguas.

## OBXECTIVOS XERAIS

O noso principal obxectivo consiste no achegamento á lingua e cultura inglesa poñendo maior énfasis no desenvolvemento integral dos nen@s, obxectivo principal da educación infantil. Para isto é moi importante que os nenos se impliquen todo o posible, así como practicar actividades que melloren a súa coordinación óculo-motora, as actividades motrices grosas e de carácter fino, ademais das habilidades de orientación espacial, persoais, sociais e emocionais.

A adquisición de hábitos é fundamental nesta etapa. A linguaxe e os conceptos repítense e repásanse sistemáticamente traballándoos ao longo do curso mediante a interacción comunicativa dentro do grupo.

A continuación pasamos a enumerar os nosos obxectivos xerais:

1. Desenvolver as habilidades receptivas do nen@
2. Introducilos ao inglés falado.
3. Aproveitar a habilidade innata dos nen@s para imitar a linguaxe falada coa fin de desenvolver a súa pronunciación e entonación.
4. Presentar o vocabulario e proporcionar reciclaxe constante dos elementos lingüísticos.
5. Expoñer aos nen@s a oracións e expresións útiles que lles permitan comunicarse na clase (rutinas)
6. Utilizar a afición dos nen@s polas cancións, contos, xogar, debuxar, recortar, pegar e colorear.
7. Proporcionar rutinas da clase para que os nen@s se sintan en confianza e emocionalmente seguros.

8. Practicar actividades con toda a clase, en parella e en grupo que permitan aos nen@s desenvolver as habilidades sociais mediante distintos modelos de interacción.
9. Presentar actividades que supoñan un reto, pero que ademais brinden oportunidades para o éxito individual e de grupo.
10. Introducir aos nen@s ao inglés e motivalos con actividades curtas, atractivas e amenas.
11. Aumentar a súa confianza con metas alcanzables para estimular o esforzo persoal.
12. Presentar situacións nas que necesiten e intenten comunicarse en inglés.

## **METODOLOXÍA**

Na práctica educativa teremos en conta os seguinte principios metodolóxicos:

**Principio de globalización:** na medida en que se proporán actividades nas que estean implicados mecanismos cognitivos, afectivos, psicomotrices...

**Principio de actividade:** posto que os nen@s teñen que ser axentes activos da súa propia aprendizaxe.

**Principio de actividade lúdica:** posto que o xogo é a principal actividade nestas idades, os nen@s deben aprender xogando e deben xogar aprendendo. Consideramos o xogo un elemento motivador co cal estableceremos relacións significativas de forma relaxada e lúdica.

**Principio da pedagogía do éxito:** que nos indica que debemos propoñer aos nosos alumn@s actividades que poidan resolver, xa que a motivación positiva e os pequenos logros diarios serán a base da nosa metodoloxía.

A continuación consideramos importante analizar dúas variables que inflúen en gran medida na consecución das intencións educativas e que condicionan o tipo de metodoloxía que empregamos na aula. Estas dúas variables son o espazo, onde se desenvolve a clase de inglés e cómo estará organizada, e a outra variable o tempo.

### **ESPAZO:**

As sesións levaranse a cabo na propia aula de infantil e psicomotricidade na aula específica.

Organizaremos a aula en colaboración cos titores e titoras dos alumnos e alumnas en “corners” onde os alumnos poderán acudir de forma individual ou colectiva a facer diferentes actividades que teñan que ver co seu propio desenvolvemento e facer un nexo de unión coa lingua e cultura

estranxeiras(literatura e xogos propios da lingua e cultura inglesa, empregando o ordenador, pizarra dixital...)

### **TEMPO:**

A distribución temporal en cada un dos cursos desta etapa será preferiblemente de tres sesións semanais de vinte minutos cada unha, ou ben dúas de trinta minutos, se hai a redución horaria prevista para o profesorado, que se organizarán a principio de cada curso e serán aprobados xunto coa programación xeral.

### **AVALIACIÓN**

En canto o que respecta a avaliación será continua e formativa e levarase a cabo a través da observación directa d@s nen@s no desenvolvemento das sesións. Teremos en conta a actitude e o comportamento tanto cos outros nen@s e o mest@ como cara o aprendizaxe da nova lingua e cultura, a participación nas actividades que se propoñan, a colaboración cos demais... basearémonos máis na actitude positiva cara o que se está a facer coa lingua e cultura estranxeira que cara a importancia dos seus logros tendo en conta que os nen@s teñen diferentes estados evolutivos e por este motivo temos que ter en conta as estratexias específicas da súa aprendizaxe: short attention span, the silent period...

### **NA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA**

Atendendo e aplicando o disposto da Orde do 2 de marzo de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do DOG nº48 do Xoves, 11 de marzo de 2021. á Orde pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación, se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción do título académico, determínanse as normas do Centro recollidas e desenvolvidas no NOF referentes a:

- disposicións que garanten e facilitan a comunicación entre o alumnado, as familias, ou persoas titoras co resto do profesorado e os órganos de coordinación didáctica.
- prazos no proceso
- procedementos de reclamación das cualificacións finais
- calendario

- modelos de reclamación.

Os criterios mínimos propostos polos equipos de nivel e ciclo, determinados e aprobados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, serán recollidos na PXA e publicitados na páxina web do Centro.

## **EN EDUCACIÓN PRIMARIA**

Nos primeiros días de cada curso escolar o profesorado realizará as programacións de ciclo e posteriormente as de aula.

### **OBXECTIVOS XERAIS**

Tendo en conta as señas de identidade e os obxectivos xerais deste centro poderíamos formular como obxectivos xerais curriculares en primaria:

- Coñecer os valores e normas de convivencia para lograr a integración na nosa sociedade.
- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver o sentido crítico, a responsabilidade e autonomía individual, a iniciativa e a curiosidade por aprender.
- Aprender a coñecer, respectar e apreciar as diferentes culturas, evitando toda discriminación por razón de raza, género, relixión...
- Coñecer as dúas linguas oficiais de Galicia, adquirindo hábitos de lectura propios da súa idade.
- Adquirir unha competencia comunicativa básica en lingua inglesa.
- Desenvolver a competencia matemática, resolvendo problemas que requiran a combinación de operación básicas, coñecementos xeométricos e estimacións con aplicación en casos reais.
- Coñecer o medio humano e natural no que nos desenvolvemos e formas de coidalo e respéctalo.
- Adquirir unha formación en TIC, que os capaciten para desenvolverse nese medio de forma crítica.
- Coñecer, valorar, utilizar e producir manifestacións artísticas.
- Valorar a hixiene, saúde, autoestima e imaxe persoal adecuada.
- Realizar actividade física e deportiva como fomento de traballo en equipo, fomento da convivencia, coñecemento e aceptación das súas posibilidades e limitacións.



- Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención de accidentes.
- Desenvolver as capacidades afectivas a nivel persoal e na relación cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, perxuizos e estereotipos sexistas. Fomentar a empatía.
- Coñecer e utilizar as normas de organización e funcionamento de centro.

## **CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN**

A avaliación debe considerarse como unha reflexión sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe, como o indicador do noso proceso educativo, tanto para o alumnado como para o profesorado, terá carácter contínuo e formativo, así como regulador da propia aprendizaxe a través da autoavaliación.

O proceso de avaliación no centro abarcará os seguintes tipos:

### *A) Avaliación do alumnado*

1. Avaliación inicial: para coñecer o nivel de competencia curricular que presenta o alumno ou a alumna ao comezo do curso, así como canto fai referencia aos seus hábitos de traballo e de conduta, no seu comportamento persoal e con relación aos demais. Deixar constancia en XADE en primeiro, terceiro e quinto curso.

2. Avaliación contínua: para centrar a atención nos aspectos que se consideren de interese para a mellora do proceso educativo. Realizarase ao longo de todo o proceso de aprendizaxe. Se no proceso de avaliación continua se advertise que un alumno ou alumna non progresa adecuadamente, adoptarase as medidas de reforzo educativo necesarias, o antes posible, coa finalidade de continuar o proceso educativo con total normalidade.

3. Avaliación formativa: para detectar as dificultades coas que se encontrou o alumnado e modificar, se fose necesario, o proceso de aprendizaxe.

4. Avaliación integradora e global de todas as áreas: para valorar globalmente o traballo realizado en todas as áreas e o grao en que, con este traballo, se acadaron os obxectivos. Os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

5. Avaliación final ou sumativa: con ela tratarase de saber o grado de adquisición dos obxectivos previamente fixados e traballados. Terase en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas.

6. Ao rematar a Primaria ralizaráse o informe final individualizado do alumnado con necesidade, por parte do titora-a e Orientador-a do centro.

### *B) Avaliación do profesorado*

O profesorado, ademais de avaliar as aprendizaxes do alumnado realizará unha avaliación da súa práctica profesional con dúas vertentes:

- Avaliación dos procesos de ensino.
- Avaliación da práctica docente.

### **CRITERIOS XERAIS SOBRE A PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

Como consecuencia da avaliación final de ciclo, a decisión de promoción será tomada polo equipo de profesores/as que imparten clase no último curso dese ciclo, tendo en conta de maneira especial o criterio da persoa titora.

A promoción da etapa dende Primaria á Educación Secundaria Obrigatoria debe vir definida pola consecución do desenvolvemento das competencias básicas e o axeitado grao de madurez, podendo acceder tamén o alumnado con aprendizaxes non acadadas pero que non sexan un obstáculo insalvable para seguir a nova etapa.

En caso de repetir deberase ter en conta un cambio tamén a nivel metodolóxico, curricular e organizativo dentro do grupo ao que pertenza o alumno/a.

### **LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Tendo en conta a diversidade do alumnado, as actuacións educativas no colexio irán dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe.

Daráselle especial importancia á detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas da aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións propias ou de carácter familiar.

En canto un profesor ou profesora detecte dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, deberá comunicalo á Xefatura de Estudos e Orientación para pór en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren máis axeitadas e que poderán ser tanto organizativas como curriculares. Entre estas medidas encóntranse o apoio dentro do grupo ordinario, o apoio ocasional fóra do grupo ordinario, os agrupamentos flexibles e as adaptacións do currículo.

Así mesmo, adoptaranse medidas oportunas para que os pais/titores destes alumnos/as reciban o adecuado asesoramento individualizado e a información necesaria que lles axude na educación dos seus fillos e fillas, tanto por parte do titor ou titora coma do departamento de orientación do colexio.

A escolarización do alumnado que se incorpore tardiamente ao sistema educativo por proceder doutros países ou por calquera outro motivo realizarase atendendo ás súas circunstancias particulares tales como coñecementos, idade, historial académico e normativa legal vixente.

Cando presente descoñecemento das linguas de escolarización do centro, realizará, de haber profesorado a tal fin, un programa de inmersión lingüística que será, en todo caso, simultáneo á escolarización no seu grupo ordinario, no que permanecerá o maior tempo posible do horario semanal.

Os alumnos e alumnas de primeira escolarización no sistema educativo procedentes do estranxeiro, que presenten un desfase no nivel de competencia curricular, poderán ser escolarizados nun curso inferior, ao que lle correspondería pola idade. Neste caso, o centro adoptará as medidas de reforzo educativo máis adecuadas para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do desfase curricular. No suposto de superar o dito desfase, incorporaranse ao curso que lles corresponda pola idade.

A incorporación do alumnado con altas capacidades intelectuais flexibilizarase adoptando as medidas máis adecuadas para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización, dacrodo coas directrices que estableza a Consellería de Educación.

Alumnado con necesidades educativas especiais. Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que require, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta, tal como indica á lexislación vixente de educación.

Para que este alumnado poida acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso, dentro dos principios de inclusión e normalidade.

Na educación infantil e primaria poderán realizarse adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo, dirixidas a este alumnado con necesidades educativas especiais, seguindo o proceso establecido legalmente.

As adaptacións curriculares, que estarán precedidas dun informe psicopedagóxico e posteriormente a proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas

posibilidades do alumno ou alumna: a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixadas nas ditas adaptacións.

### **CRITERIOS PARA INTRODUCIR OS VALORES NAS DISTINTAS MATERIAS**

Educación significa máis ca aprender ou adquirir coñecementos e técnicas.

Débase programar e dinamizar cada actividade, por pequena que sexa, tendo en conta a vertente dirixida a “educar”.

Considerando como valores fundamentais:

- Respecto nas relacións interpersoais e co entorno.
- Fomento da responsabilidade individual.
- Actitude democrática.
- Solidariedade e fomento do traballo en equipo.

Traballarase permanentemente en todas as áreas, mediante:

- Uso de linguaxe non discriminatoria e respectuosa.
- Impulsando o traballo en equipo de forma voluntaria, por sorteo...
- Utilización dos traballos individuais para o fomento da responsabilidade, autoestima, curiosidade e ansias de saber...
- Fomentando os aspectos positivos e aprendendo dos fallos.
- Uso do debate e discusión como medio de traballo.
- Fomentando a empatía.
- Utilización racional dos medios materiais do centro e do contorno, como algo que debemos compartir.
- Axudándolles a coñecerse a si mesmos para que sexan capaces de recoñecer as súas limitacións.

### **TRANSVERSALIDADE**

Velarase para que todo o profesorado do centro introduza, nas programacións das áreas que imparta, actividades relacionadas coa tolerancia, a solidariedade, o respecto aos dereitos humanos, o rechazo a calquera tipo de violencia, o fomento de hábitos e actitudes cooperativas propias do traballo en grupo, a responsabilidade persoal...

Traballarase para que todos os profesores e profesoras introduzan nas súas programacións actividades relacionadas cos hábitos de saúde, hixiene persoal, limpeza na presentación dos traballos, respecto as normas de convivencia e de comunicación oral (saber escoitar, respectar as quendas de palabra, etc)...

Procurarase introducir, así mesmo, actividades relacionadas coa interculturalidade para que todos os alumnos e alumnas estranxeiros teñan a sensación de que a súa cultura é valorada e está presente no centro.

Deberase incluír nas concrecións curriculares das áreas actividades relacionadas co rigor crítico, a curiosidade científica, a precisión, a obxectividade, o interese por estar ben informado, por valorar e conservar o patrimonio artístico, etc.

Diseñaranse actividades para tratar nas diversas áreas a educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre sexos, a educación ambiental, a educación sexual, para a saúde e calidade de vida, a educación para o lecer, a educación do consumidor e a educación viaria.

Promoveremos as medidas necesarias para que nas distintas áreas se desenvolvan actividades que estimulen o interese e hábito de lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público así como, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

Entendemos como competencia básica “a capacidade de poñer en práctica os coñecementos e as habilidades aprendidas” é decir, “saber aplicar o aprendido ás situacións da realidade”. O “aprendido” inclúe os coñecementos, os procedementos e as actitudes.

A inclusión das competencias no currículo ten como finalidades:

- Integrar as aprendizaxes das diferentes áreas.
- Saber usalas cando sexa necesario
- Orientar o ensino cara aqueles aspectos imprescindibles para a vida.
- Inspirar todo o tecido do proceso educativo.

Cada competencia non é acadada mediante o traballo nunha área concreta, senón que é o resultado das aportacións de varias áreas. Así mesmo, cada área contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias.

Podemos dicir que toda a organización e actividade do centro en calquera das súas facetas debe estar orientada á consecución das competencias básicas.

## **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **Obxectivos**

Tenderemos a que o alumnado en Primaria, utilice axeitadamente a lingua galega, a lingua castelá e desenvolva hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.

Procuraremos que o alumnado adquira unha competencia básica nunha lingua estranxeira que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

#### **Áreas principais**

Lingua galega e literatura

Lingua castelá e literatura.

Linguas estranxeiras.

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos

### **COMPETENCIA MATEMÁTICA.**

#### **Obxectivos**

Potenciaremos as competencias matemáticas básicas e a iniciación na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, e que sexan capaces de aplicalos a situacións reais da súa vida cotiá.

#### **Áreas principais**

Lingua galega e literatura.

Lingua castelá e literatura.

Matemáticas.

Coñecemento do medio natural, social e cultural.

### **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MEDIO FÍSICO**

#### **Obxectivos**

Buscar o coñecemento e a valoración do entorno natural social e cultural, as interaccións entre eles, así como as súas posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Intentaremos que o alumnado do noso centro coñeza e valore os animais máis próximos ao ser humano e que interioricen maneiras de comportamento que favorezan o seu coidado.

#### **Áreas principais**

Lingua galega e literatura.

Lingua castelá e literatura.

Linguas estranxeiras.

Matemáticas.

Coñecemento do medio natural, social e cultural.

### **COMPETENCIA DIXITAL E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN**

#### **Obxectivos**

Buscaremos propostas para que os alumnos e alumnas se inicien na utilización, para os aprendizaxes, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

Intentaremos que os alumnos e alumnas utilicen estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, transformar e comunicar información

### **Áreas principais**

Lingua galega e literatura.

Lingua castelá e literatura.

Linguas estranxeiras.

Matemáticas.

Coñecemento do medio natural, social e cultural.

Educación artística.

Educación física.

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

## **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ**

### **Obxectivos**

Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respecto aos dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e na relación co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres e a non discriminacións de persoas por ningunha causa.

Coñecer, valorar e disfrutar do seu medio natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación dese medio.

Que os alumnos e alumnas adquiran habilidades para a prevención e para a resolución pacífica dos conflitos, que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos e nos que se relacionan.

Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.

### **Áreas principais**

Lingua galega e literatura.

Lingua castelá e literatura.

Linguas estranxeiras.

Coñecemento do medio natural, social e cultural.

Educación artística.

Educación física.

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos

## **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

### **Obxectivos.**

Potenciar a utilización de diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolver a sensibilidade artística e a capacidade de disfrute das súas diferentes manifestacións e iniciarse na construción de propostas persoais.

### **Áreas principais**

Lingua galega e literatura.

Lingua castelá e literatura.

Linguas estranxeiras.

Matemáticas.

Coñecemento do medio natural, social e cultural.

Educación artística.

Educación física.

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos

## **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

### **Obxectivos**

Intentaremos desenvolver nos alumnos e alumnas hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade nas aprendizaxes.

Potenciaremos a utilización de estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

### **Áreas principais**

Lingua galega e literatura

Lingua castelá e literatura.



Linguas estranxeiras.  
Matemáticas.  
Coñecemento do medio natural, social e cultural.  
Educación artística.  
Educación física.  
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

## **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

### **Obxectivos**

Traballaremos no sentido de que os alumnos e as alumnas valoren a hixiene e a saúde, acepten o propio corpo e o do resto das persoas, respecten a diferenzas e utilicen a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

### **Áreas principais**

Lingua galega e literatura.  
Lingua castelá e literatura.  
Linguas estranxeiras.  
Coñecemento do medio natural, social e cultural.  
Educación artística.  
Educación física.  
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos

Anualmente, nos primeiros días de setembro o profesorado elaborará e revisará a programación de ciclo, sendo o coordinador o encargado da súa entrega en xefatura de estudos.

## **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

O titor ou a titora de cada grupo será o profesor ou profesora designado a comezos do curso e terá as funcións sinaladas no Título III, Capítulo V do Decreto 374/96 do 17-10 (D.O.G. do 21-10) onde está o regulamento dos colexios de infantil e primaria; e no Capítulo VI Apartado 5 da Orde do 22-7-97 (D.O.G. 2/9) onde se regulan determinados aspectos do Decreto anterior (ver as funcións no cap IV), e normativa posterior que sexa de aplicación. O titor ou a titora, será designada polo director para cada grupo, a ser posible por un período de dous anos a comezo do ciclo.

Como órgano unipersonal de coordinación docente, ten unhas funcións moi importantes para a actividade do centro que se poderían agrupar en dúas facetas:

Por un lado, as relacións co seu alumnado; coñecelo, asesoralo, guíalo... é decir, un papel de orientador a parte da mera función de docente.

En segundo lugar estarían as relacións coa familia e co resto do profesorado, tanto a nivel individual (especialistas...) como en equipo, dada a súa integración en equipos docentes, comisións etc.

| <b>A) COIDAMOS AS PERSOAS</b>  |   |   |
|--|---|---|
| <b>OBXECTIVOS</b>  | <b>ACTIVIDADES</b>  | <b>TEMPORALIZACIÓN</b>  |
| 1. Favorecer a adaptación e a integración ao grupo-clase   | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Actividades de presentación e coñecemento mutuo dos alumnos dentro do seu grupo-clase.</li> <li>-Observación dos alumnos/as con dificultades de integración na clase ou no patio.</li> <li>-Uso do sociograma para coñecer a dinámica do grupo.</li> <li>-Plan de acollida dos alumnos de educación infantil.</li> <li>-Plan de acollida do alumnado de nova incorporación ao centro ou procedente do estranxeiro.</li> </ul> | <p>1º quincena de setembro</p> <p>Todo o curso</p> <p>Trimestralmente</p> <p>1ºquincena de setembro</p> <p>Todo o curso</p> |
| 2. Favorecer o desenvolvemento persoal e social.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Habilidades sociais.</li> <li>-Programa de HH.SS.</li> </ul>  | <p>Todo o curso</p> <p>2º trimestre</p>   |
| 3. Coñecer, expresar e xestionar as nosas emocións.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Conciencia das propias emocións.</li> <li>-Recursos para xestionar a súa expresión: autocontrol</li> <li>-Autoestima</li> <li>-Espacios de escoita activa.</li> </ul>   | <p>Todo o curso</p>   |
| 4. Asumir a importancia que ten para a nosa saúde uns hábitos saudables de alimentación, descanso e hixiene. | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Educación para a saúde.</li> </ul>  | <p>Todo o curso</p>   |

## B) COIDAMOS O ENTORNO

| OBXECTIVOS  | ACTIVIDADES   | TEMPORALIZA-CIÓN |
|---|---|------------------|
| 1. Concienciar da importancia dun entorno agradable e artístico para o benestar persoal e grupal. | -Ornamentación interior.<br>-Decoración artística<br>-Coidado e comunicación do estado do material e do mobiliario. | Todo o curso     |
| 2. Concienciar e desenvolver hábitos de respecto e coidado pola natureza.                         | -Proxecto Voz Natura<br>-Puntos de recollida selectiva<br>-Horto escolar<br>-Xardín Escolar.                        | Todo o curso     |

## C) COIDAMOS AS RELACIÓNS

| OBXECTIVOS  | ACTIVIDADES                                | TEMPORALIZACIÓN |
|---|--|-----------------|
| 1. Utilizar o diálogo como medio para expresar opinións e buscar solucións os conflitos | -Debate en clase.<br>-Método PIGEP         | -Todo o curso   |
| Coordinar intervención educativa e avaliación   | -Reunións ciclo                            | -Mensualmente   |
| 2. Asesorar na resolución de conflitos  | -Formación específica a titoras e alumnos. | -Todo o curso   |

|  |  |   |
|--|--|---|
| <p>3. Potenciar a mediación como recurso para solucionar conflitos</p>                     | <p>-Elección, formación e presentación dos alumnos/as mediadores.<br/>-Colaborar na organización dos LUACOR</p>  | <p>-1ºtrimestre<br/><br/>-1ºtrimestre</p>     |
| <p>4. Favorecer a integración e relación de todo o alumnado e a convivencia no centro.</p> | <p>-Participación no Proxecto “O patio como espacio educativo”.<br/>-Fomento do xogo cooperativo: aceptación, cooperación e participación.<br/>-Actividades conxuntas: magosto, día da paz, entroido,...<br/>-Organización entradas e saídas.<br/>-Colaboración coa Comisión de Convivencia.<br/>-Saídas culturais</p> | <p>Todo o curso</p>                           |
| <p>5. Potenciar a participación dos alumnos na toma de decisións do centro e da aula.</p>  | <p>-Elaboración das normas de convivencia na aula e no patio.<br/>-Elaboración de contratos de convivencia.</p>  | <p>Setembro-outubro<br/><br/>Todo o curso</p> |

**D) COIDAMOS A APRENDIZAXE**

| OBXECTIVOS                            | ACTIVIDADES  | TEMPORALIZACIÓN                              |
|---------------------------------------|--|--|
| 1. Aprender a estudar.                | -Técnicas de estudio: mapas conceptuais, resumo, esquemas.<br>-Estratexias de comprensión lectora: antes, durante e despois da lectura.<br>-Reforza proceso de aprendizaxe | Principio de cada curso.<br><br>Todo o curso |
| 2. Aprender a organizarse no estudio. | -Pautas de estudio: axenda, horario, condicións físicas.   | Todo o curso                                 |
| 3. Aprender a buscar información      | -Programación Tic<br>-Programación Biblioteca  | Todo o curso<br><br>Todo o curso             |

**E) COIDAMOS A INFORMACIÓN**

| OBXECTIVOS  | ACTIVIDADES  | TEMPORALIZACIÓN               |
|---|--|-------------------------------|
| 1. Informar aos pais e nais do funcionamento do centro, da aula e das normas de convivencia, obxectivos de áreas, criterios de avaliación e todo o relacionado cos seus fillos. | -Xuntanza colectiva informativa dos titores cos pais.<br><br>-Reunións individuais | -Outubro<br><br>-Todo o curso |
| 2. Informar sobre actitudes e condutas  | -Reunións individuais  | -Todo o curso                 |

|  |  |  |
|--|--|--|
|  |  |  |
| 3. Recoller información escolar, persoal, familiar e social do alumno.                           | -Análise do expediente do alumno.<br>-Estudio informes final de ciclo.<br>-Avaliación inicial.                       | -Setembro-outubro  |
| 4. Asesorar e informar as familias sobre a aprendizaxe e desenvolvemento persoal dos seus fillos | -Reunión individual sobre o desenvolvemento académico e persoal.<br>-Sesións de avaliación.<br>-Entrega de boletíns. | -Todo o curso. Unha hora semanal<br><br>-Trimestralmente.<br>-Despois de cada avaliación |
| 4. Informar as familias sobre os temas relacionados co funcionamento do centro.                  | -Reunións  | -Todo o curso  |
| 5. Facilitar o coñecemento do alumnado ao resto do profesorado.                                  | -Reunións de ciclo   | -Setembro  |
| 6. Facilitar a relación e interacción entre os demais profesores e a familia                     | -Xuntanzas   | -Todo o curso  |

|  |   |       |
|--|---|-------|
| 7. Informar e orientar as familias e os alumnos de 6º de primaria das características da etapa da ESO. | -Charla informativa ó alumnado.<br>-Visitas aos IES adscritos<br>-Charla informativa aos pais-nais. | -Xuño |
|--|---|-------|

## F) COIDAMOS A DIVERSIDADE

| OBXECTIVOS   | ACTIVIDADES   | TEMPORALIZACIÓN   |
|--|---|---|
| 1. Favorecer a integración social e a aprendizaxe dos alumnos procedentes do estranxeiro | -Plan de acollida<br>-Avaliación inicial para adscrición ao grupo clase.<br>-Valoración para o grupo de adquisición de linguas ou apoio<br>-Valoración para o grupo de desfase curricular ou apoio. | Todo o curso  |
| 2. Implementar as medidas de apoio educativo   | -Detección de necesidades.<br>-Solicitude do informe psicopedagóxico.<br>-Coordinación co DO para atender alumnado n.e.a.e.<br>-Elaboración e seguimento das ACS                                    | 1º trimestre e posterior a cada avaliación<br>-Todo o curso<br><br>-Todo o curso<br><br>-Todo o curso |



# PLAN DE ACOLLIDA AO ALUMNADO ESTRANXEIRO

## ÍNDICE

Xustificación

Obxectivos

Medidas de actuación

- Equipo directivo
- Profesor titor
- Departamento de orientación

Acollida o primeiro día de clase

Avaliación inicial do alumnado estranxeiro

Criterios de escolarización

Medidas de actuación

- De tipo curricular
- De tipo organizativo

Avaliación deste plan

## XUSTIFICACIÓN

O alumnado inmigrante que presenta maiores dificultades para incorporarse ao noso sistema educativo é o de incorporación tardía, que o fai cun nivel de escolarización previa deficiente ou inexistente, con un escaso ou nulo dominio das nosas linguas, de diferentes sistemas educativos e grandes desfases curriculares.

A educación ten un papel fundamental na loita a favor da igualdade, por iso, debemos apostar por unha escola integradora e intercultural comprometéndonos a:

- Admitir, asumir e acoller a diversidade, construíndo aprendizaxes basados no equilibrio entre a defensa de valores universais e o respecto ás diferencias.
- Proporcionar ao alumnado e as súas familias información do funcionamento e organización do colexio.

Neste plan reflítense todas as actuacións que se van levar a cabo coas familias e cos nenos e nenas inmigrantes que se reciben cada ano. Segundo a súa diferente procedencia, e as súas características específicas e particulares que o fan un caso único polo que, unha vez matriculados tratarase de individualizar. Isto sucede cos que se matriculan e inician o curso en setembro, o ao longo do curso sen escolarización anterior ou moi deficiente, sen coñecemento de ningunha lingua do noso sistema educativo, baixa autoestima familiar, baixo nivel socioeconómico e cultural, que cambian de residencia en pouco tempo.

Cabe salientar o enriquecemento que nos aportan a todos nós, como coñecementos históricos, xeográficos, culturais, doutras costumes e outros valores que favorecen a aprendizaxe e o respecto polo diferente.

## **OBXECTIVOS**

- Favorecer a adaptación do alumnado ao colexio e ao entorno canto antes.
- Potenciar a integración do alumno no grupo clase e no centro.
- Proporcionarlle experiencias que permitan a aprendizaxe inicial da lingua e da cultura nosa.
- Desenvolver a capacidade de comunicación necesaria para iniciar e manter relacións sociais.
- Potenciar a conservación da súa lingua materna e a súa cultura.
- Favorecer a autoestima.
- Desenvolver actitudes positivas de solidariedade, cooperación, de axuda e respecto ás diferencias individuais.
- Respetar a súa cultura.
- Crear un clima agradable tanto na aula coma no centro.
- Favorecer o desenvolvemento duns principios morais basados nos dereitos humanos.
- Desenvolver o sentido da responsabilidade.
- Desenvolver actitudes positivas cara o inmigrante e a diversidade cultural.
- Favorecer a relación entre a familia e a escola, e a presenza dela nos actos culturais e festivos do colexio.
- Desenvolver, mellorar a competencia lingüística para unha aprendizaxe significativa.

## **ÁMBITOS DE ACTUACIÓN**

### **Equipo directivo**

Será quen reciba ao alumnado e as súas familias, coa finalidade de intercambio de información e posterior matrícula. Momento de gran importancia, que require unha sensibilidade especial con eles e coa familia, solicitándolles a documentación necesaria e comprobando que comprenderon todo. Entregaremos, de ser posible, folletos explicativos no seu idioma. Debemos explicarlles o sistema educativo español, o noso P.E.C., todas as cuestións de organización do centro: horarios, calendario escolar, NOF, hora de atención aos pais, material escolar, gratuidade de libros, actividades extraescolares e complementarias, así como,

recabar a máxima información posible deles, acerca da súa procedencia, lingua, escolarización previa, madurez e nivel escolar, situación laboral familiar.....

Debemos informalos sobre a existencia dos servizos sociais do Concello. Como esta conversa será longa, deberá encargarse o director ou directora, que será o que conte con maior tempo dispoñible para atención ao centro. Na súa ausencia será o secretario ou o xefe de estudos, por esta orde.

Ao remate desta entrevista ensinaráselles as dependencias do centro.

A compra de libros de texto non se solicitará mentras non se faga a avaliación inicial e se determine o seu curso.

Matricularanse xeralmente no nivel que lles corresponda por idade ou, provisionalmente un curso por debaixo, para pasalo ao curso superior, se o titor o decide oído ao equipo de profesorado dese curso. Realizarase unha avaliación inicial durante a primeira semana coa que se tomará a decisión para unha correcta matriculación.

O equipo directivo informará e presentará ao profesor titor e este informará ao equipo docente e ao Departamento de Orientación, quen informará ao profesorado de apoio.

Nomearáselles un alumno acompañante, a poder ser, da mesma orixe que os acompañará polo centro e integrará nos xogos.

### **Profesor titor ou titora**

Aínda que, como xa dixemos, a escolarización nese curso é provisional, a acollida nos momentos iniciais é importantísima, por iso o titor ou titora debe preparala con anticipación, recabar toda a información posible, e explicarlle todo ao grupo clase, estimulándoos para que o reciban dun xeito positivo.

Nos primeiros cinco días hábiles, o profesor-titor ou titora realizará a avaliación inicial xunto co equipo docente, profesorado de apoio e o orientador. Recollidas as conclusións finais informará ao xefe de estudos e ao secretario para a súa escolarización definitiva.

No caso de tomar medidas especiais (de adquisición de linguas e/ou de adaptación da competencia curricular) deberá, xunto co orientador, informar previamente á familia.

Fará un seguimento do proceso de integración do alumno.

## Departamento de Orientación

O xefe do departamento, de consideralo necesario, concertará unha entrevista coa familia coa finalidade de recabar a información necesaria para unha mellor escolarización.

Realización de avaliación psicopedagóxica, se procede.

Revisión da documentación do alumno/a.

Colaboración co profesor titor, profesor de apoio e o resto de docentes, na avaliación inicial.

Observación directa do alumnado co grupo clase.

Levantará acta da proposta de escolarización dada polo titor, despois da xuntanza co equipo de profesorado que incide nese grupo clase, asesorados polo orientador. Arquivará a acta no expediente do alumnado.

### ACOLLIDA O PRIMEIRO DÍA DE CLASE

Deberemos ter en conta:

- **Presentación:** Debe ser o director, ou que o matriculou, quen o acompañe nese momento de acollida do titor ou profesorado de apoio a inmigrantes, e isto á súa vez ao equipo de profesores e orientador.
- **Actitudes:** Deben estar baseadas no recoñecemento dos dereitos individuais e unha práctica que inclúa un compromiso de loita contra a exclusión social. Miradas afectuosas, xestos de acercamento, acompañamentos puntuais, anticipación aos feitos...son o inicio dunha boa acollida.
- **Lugar:** será normalmente a aula de grupo ordinario de referencia, debe aprender en interacción con compañeiros.
- **Estratexias:** Para os que descoñezan os idiomas, deberanse organizar rincóns de traballo con recursos informáticos, material audiovisual, biblioteca, mapas, carteis, etc...e onde se poidan colgar carteis explicativos. O espazo debe ser acolledor, para que o sinta seu, o queira e respete.
- **Alumnado titor de acollida:** O profesor titor nomeará a un alumno, mellor se coñece o seu idioma, que sexa comunicativo, para que se sente ao seu lado e lle axude. Pode nomearse un alumno titor por día. As funcións do alumnado titor son:

1. -Facilitar a integración do alumno estranxeiro, evitando o seu illamento nos tempos de lecer.
  2. -Presentalo a outros nenos e nenas do colexio, profesorado, etc.
  3. -Axudarlle a entender as normas e tarefas.
  4. -Orientalo sobre o horario, material escolar, dependencias, autobús, etc.
  5. -Colaborar co titor e profesor de apoio, comunicándolle as dificultades que observe.
- **Profesor de apoio:** Anualmente, de ser necesario, solicitarase dende dirección un profesor para apoio a estes alumnos, ao comprobar o desfase curricular que presentan e o baixo nivel de aprendizaxe das diferentes áreas ou materias ao longo dos cursos debido sobre todo á deficiencia no dominio das linguas. Dentro das súas funcións estaría:
    1. -Colaboración co profesor titor e profesores especialistas.
    2. -Integración destes alumnos, prestando especial atención ao tempo de lecer e actividades complementarias.
    3. -Orientación ao alumnado titor.
    4. -Elaboración de material e vocabulario necesario para a comunicación.
    5. -Programación e elaboración de actividades para a acollida inicial.
    6. -Avaliación inicial, xunto cos demais profesores do grupo aula.
    7. -Mellora da competencia lingüística.
    8. -Atención ao grupo de adquisición de linguas e de adaptación da competencia curricular.
  - **Pautas de acollida dentro da aula:** Procurar que non estea incomunicado moito tempo, dirixirse a eles con imaxes claras, con gráficos, xestos. Debemos darlle un bo modelo lingüístico (non falar xesticulando, nin berrando; facer frases sinxelas e pronuncialas con claridade). Axudarlle a que complete sempre as frases. Falar con eles, intentando entendelos e facéndonos entender.
  - **Actividades:** De poder contar con un profesor de apoio a este alumnado, será quen as prepare e colabore co profesorado especialista, do contrario, cada profesor elaborará as súas, dependendo do alumnado que teña, e establecerá as súas propias estratexias para que a dinámica da aula favoreza a integración do inmigrante.

Convén ter preparadas actividades que faciliten a avaliación inicial, de maneira que se poida establecer o seu nivel curricular, sen esquecer que se está a traballar con todo o grupo á vez.

É preciso ter as propostas en diferentes formatos: visuais, con poucas palabras, que poidan contestarse con imaxes, esquemas ou debuxos, servirse de mapas, vídeos, etc...., ou materiais manipulativos.

Traballar en obradoiros, proxectos, que permitan a aprendizaxe cooperativa, favorezan a participación de todos e a corresponsabilidade na aprendizaxe.

Informar sobre o país de procedencia: costumes, relixión, cultura.

Ver películas, documentais relacionados con ese país.

Facelos partícipes cando teñamos festas e convivencias, aportando comidas e costumes dos seus lugares.

Participación nos programas interculturales ofrecidos pola concellería de inmigración.

Incorporación das TIC como facilitador da comunicación.

Prestar atención especial ao tempo de xogo, recreo que favorece a socialización do alumnado, a todos os alumnos e, en especial, ao estranxeiro.

## **AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNO/A**

Estando escolarizado provisionalmente, realízase a avaliación inicial correspondente ás competencias do alumno/a.

Participará nesta avaliación inicial o profesorado titor, profesores de cada área, o DO e, de habelo o profesorado de apoio.

Prestaráselle unha atención individualizada e observación da súa actitude na aula e patios, relación co grupo clase, probas de nivel, deberes, así como probas psicopedagóxicas para valorar o seu grado de madurez.

Atendendo á valoración de todo o profesorado que lle imparte clase e ao DO, o orientador levantará acta da decisión de escolarización do alumnado , tras a reunión preceptiva co profesorado e da Xefatura de Estudos.

## CRITERIOS DE ESCOLARIZACIÓN

Determinarase atendendo á súa idade e nivel máis axeitado para dar resposta ás súas necesidades educativas.

Terase en conta as competencias curriculares previas, o grado de madurez e o desenvolvemento intelectual e físico e a lingua ou linguas que domina.

Nunca se incorporará a un curso inferior ao anterior que lle corresponda por idade, nin se cambiará de etapa educativa.

Atenderase ás características do grupo clase que máis se adapten ao novo alumno.

Cando hai descoñecemento das dúas linguas ou coñecemento de desfase curricular aportado na entrevista inicial coa familia, poderase incorporar nun curso por debaixo do que lle corresponde por idade para realizar a avaliación inicial.

De incorporarse en terceiro ciclo de primaria, poderá obter exención da cualificación das probas de avaliación de lingua galega, ano a ano, cun máximo de dous cursos.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN

### De tipo curricular

- 1.-*Flexibilización de idade* tendo en conta a avaliación inicial.
- 2.-*Reforzo educativo* do equipo docente nas materias que o precise, en colaboración con PT e AL.
- 3.- *Exención de cualificación das probas de lingua galega* en 5º e 6º de primaria.
- 4.-*Adaptacións curriculares* como último recurso.

### De tipo organizativo

1.-*Grupo de adquisición de linguas* para os que descoñezan as dúas linguas da nosa Comunidade. Inclúense pouco a pouco no seu grupo ordinario, empezando en educación física e artística como mínimo.

Para adquisición da lingua formarán parte do grupo os nenos e nenas da mesma etapa educativa, sen necesidade de ser do mesmo curso ou ciclo. Incorporaranse ao curso ordinario cando na avaliación se consideren superadas as necesidades como consecuencia do descoñecemento das linguas; o titor será o que lle corresponda do seu grupo clase ordinario.

Se teñen coñecemento de inglés ou francés procurarase que sexa o profesorado destas especialidades os que colaboren nesta tarefa, ou ben incorporalo ao curso que teña profesor con coñecemento desas linguas.

De non coñecer as linguas anteriores, precisaríase contar con un profesor de apoio, de poder ser de linguas.

A duración neste grupo sería de un trimestre.

*2.-Grupo de adaptación da competencia curricular*, vai dirixido aos que presenten un desfase de dous ou máis cursos e só no segundo e terceiro ciclo de primaria. A permanencia neste grupo será de oito períodos semanais, podendo extenderse a todo o curso. Formarán parte dun grupo da mesma etapa educativa, sen necesidade de pertencer ao mesmo curso ou ciclo. O mestre de apoio asistirá ás sesións de avaliación pero a misión das calificacións corresponde ao profesorado do grupo ordinario, según a información que reciba. Unha vez superado o desfase incorporárase na aula ordinaria a tempo total.

Unha vez informada a familia, estas medidas serán solicitadas por dirección e, co informe favorable de inspección, autorizadas pola Xefatura Territorial.

Ao longo do curso, as actividades que realizará o profesor de apoio a estranxeiros e/ou P.T. , dará prioridade as aulas con alumnos procedentes do estranxeiro e de nova escolarización, particularmente nos casos de incorporación no segundo curso de primaria ou posterior, ou naqueles nos que se escolaricen despois do primeiro trimestre do ano escolar.

## **AVALIACIÓN DO PLAN**

Os coordinadores de cada ciclo avalirán este plan recollendo na memoria anual as seguintes accións:

1. Sensibilización da comunidade educativa sobre a interculturalidade.
2. Suficiencia ou non da información chegada ás familias.
3. Sobre agrupamentos, apoio, A.C.S. e reforzos.
4. Papel do restante alumnado respecto dos estranxeiros.
5. Prácticas educativas.
6. Melloras que hai a incluír no próximo curso.



## PROXECTO LINGÜÍSTICO

As línguas oficiais en Galicia son o galego e o castelán e todos os cidadáns temos o dereito e o deber de coñecelos e usalos.

Todo o alumnado ao remate do ensino obrigatorio debe acadar por igual a competencia nas dúas linguas oficiais.

Continuarase co proxecto de anticipación da lingua inglesa en educación infantil.

Na área de lingua estranxeira, a lingua vehicular será o inglés.

**OBXECTIVOS XERAIS:** Respondendo ao contorno castelán falante que estamos a ter, trataremos:

- Que o alumnado mellore a súa competencia na lingua materna e adquira a competencia na súa segunda lingua.
- Que adquira unha competencia suficiente na terceira lingua.
- Que o profesorado teña unha competencia profesional suficiente para impartir clase nas dúas linguas oficiais da comunidade.
- Cumprir coa lexislación vixente.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Educación infantil:

1. Introducir a segunda lingua (galego) como vehicular.
2. Fomentar un ambiente galego falante
3. Inicialos no vocabulario en galego.
4. Potenciar os contos de tradición oral galegos.

Educación Primaria

Primeiro ciclo:

1. Expresarse en galego: Usar oracións curtas en galego.
2. Ampliar o vocabulario
3. Coñecer celebracións tradicionais da nosa cultura.

Segundo ciclo:

1. Expresarse e ler con fluidez en galego.
2. Ampliar o vocabulario.
3. Facer composicións escritas en galego
4. Aprender a valorar a cultura galega

Terceiro ciclo:

1. Conversar en galego.
2. Comprender e ler adecuadamente en galego
3. Ampliar vocabulario
4. Expresarse correctamente por escrito.
5. Valorar a cultura galega.

### **MEDIDAS PARA A CONSECUCCIÓN DOS ANTERIORES OBXECTIVOS**

- Utilización de textos en galego en todas as áreas que se imparten en galego.
- Utilización de dicionario e normas ortográficas en biblioteca e aulas.
- Empregar o galego como lingua vehicular do centro.
- Aumento de material bibliográfico e informático en galego.
- Realización de programacións en galego
- Edicións do xornal FURELO en galego
- Lingua administrativa do centro:

Todas as actuacións administrativas dirixidas a persoas e entidades públicas ou privadas, dentro de Galicia, serán en galego, igual ca os rótulos, sinais e informacións dos corredores e taboleiros.

Cando nos dirixamos a persoas, que descoñezan o idioma ou organismos doutras comunidades, empregaremos o castelán.

- Ensino:

A lingua vehicular en infantil será a súa lingua materna, adaptando o material á mesma e, garantindo a competencia lingüística propia da etapa nas dúas linguas oficiais da Comunidade.

Recollerase información no momento da matrícula en tres anos, con información obtida mediante enquisas ás familias, elaboradas polo equipo de dinamización lingüística.

Impartiranse en galego coñecemento do medio, educación musical, educación física e educación para a cidadanía.

Achegarase ao alumno/a a adquisición de novas linguas (galego, castelá) favorecendo a aprendizaxe dende a zona de desenvolvemento próximo, o que lle permita establecer pontes cognoscitivas axeitadas entre os coñecementos previos (lingua xa adquirida ou iniciada) e os novos (lingua galega/ castelá).

A ensinanza das mesmas levarase a cabo atendendo a lingua (galego/ castelá) máis próxima a súa lingua de orixe. O que lle permita unha comprensión máis directa

co medio, para posteriormente ir de xeito progresivo, iniciándoo na aprendizaxe da outra lingua (castelá/ galego).

No caso de que o alumno/a xa teña adquirida a lingua galega o obxectivo fundamental abranguirá a necesidade de que non perda os seus coñecementos sobre a mesma, así como, a potenciación do xa adquirido e o mergullamento progresivo na lingua castelá.

No caso de que o alumno/a xa teña adquirida a lingua castelá a dificultade ou reto principal será que adquira unha competencia óptima na lingua galega, e que amose ante o seu uso ou emprego unha actitude positiva, libre de prexuízos.

Ao alumnado estranxeiro con descoñecemento das dúas linguas, de ser no terceiro ciclo pode, de solicitalo, concedérselle excedencia na lingua galega por dous cursos, debendo asistir ás clases e realizar as actividades coma os compañeiros. Asemade é de reseñar que se a incorporación do alumnado estranxeiro o noso ámbito educativo se produce a unha idade temperá, o ensino coexistente da lingua castelá e galega producirase dun xeito normalizado.

Para incrementar a competencia en lingua galega, dende o equipo de fomento e uso do galego propoñerá e dinamizará actividades con tal fin.

Continuarase coa anticipación da lingua inglesa en todos os cursos de infantil.

Respectarase toda a lexislación vixente.

- Actividades complementarias e extraescolares:

En todas estas actividades organizadas polo centro, empregarase o galego como lingua habitual, agás as programadas en inglés.

As organizadas por outras entidades serán na lingua que desexen, anque nós trataremos que sexan en galego.

## **PLAN DE ADAPTACIÓN EN INFANTIL**

1. INTRODUCCIÓN.

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS NENOS E NENAS DE 3 A 6 ANOS.

3. OBXECTIVOS E FINALIDADES DO PLAN DE ADAPTACIÓN.
4. EXTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.
5. INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS.
6. CALENDARIO E HORARIO.
7. AVALIACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA.

## 1. INTRODUCCIÓN.

- A Educación Infantil é o primeiro tramo do actual sistema educativo. Vai dirixido ás criaturas de idades comprendidas entre os 0 e 6 anos. Esta etapa divídese en dous ciclos, o primeiro abarca de 0 a 3 e o segundo de 3 a 6.
- A educación nestas idades non é obrigatoria sen embargo a escola é o instrumento do que dispoñen os pais e nais para axudarlles na complexa misión da formación dos seus fillos e fillas, sen esquecer que eles son, en definitiva, os responsables da súa educación.
- Ademais cabe salienta que as experiencias vividas nestes primeiros anos de vida son de gran importancia no desenvolvemento posterior así como que as aprendizaxes que o alumnado realiza na escola deben estar estreitamente vinculadas coas súas vivencias cotiás, e ao mesmo tempo, han de ter unha continuidade na vida familiar.
- Deducimos, por tanto, a necesidade dunha estreita colaboración familia-escola que, nesta etapa se fai fundamental e imprescindible.
- De xeito especial requírese esta colaboración no primeiro momento de escolarización, é dicir, ao longo do **período de adaptación** das nenas e dos nenos ao novo contexto educativo.
- **Pero, que é o período de adaptación?** Digamos que é o intervalo temporal que nenas e nenos precisan para asimilar os cambios producidos na súa vida, contorno e ambiente ao incorporárense ao centro escolar, é dicir, ao pasar dun ambiente que coñecen e dominan a outro descoñecido e, en moitos casos, vai supoñer tamén a primeira separación das figuras de apego. O ingreso na escola supón para o neno e a nena un gran cambio. Sae dun mundo familiar con códigos establecidos e roles determinados e coñecidos, dun ambiente no que se sente protexida ou protexido, onde é o centro de atención, e introdúcese no ambiente escolar, onde o contemplan, dende outro punto de vista, como alumna ou alumno dentro dun grupo no que se ten que relacionar, en espazos diferentes, cuns materiais e mobiliario diferentes, con outras maneiras de facer e de dicir as cousas, con moitos cambios e novidades na

súa vida cotiá, con outras nenas, con outros nenos e con outras persoas adultas que, de momento, non son da súa confianza.

- Para realizar este “logro” o neno precisa, entre outras cousas, tempo, o seu tempo en concreto. Hai que ter en conta que todos nenos e nenas non son iguais, polo tanto a adaptación de cada un tamén será distinta.

- A adaptación, polo tanto, constitúe un proceso complexo no cal se desenvolven unha serie de relacións entre as familias, o persoal docente, as nenas e os nenos, e por medio da cal se construírán vínculos entre elas e eles. Esta experiencia converterase ademais na matriz das relacións sociais que o alumnado vivirá ao longo do seu paso polo sistema educativo.

- É importante saber e ter en conta que non todos os nenos e todas as nenas reaccionan igual diante da mesma situación, e que cadaquén desenvolve os seus recursos de defensa e de oposición. Hai nenos e nenas que choran, berran, gritan, patexan, poden agredir a outras nenas e a outros nenos ou a si, negarse a comer ou durmir, a falar, a sentar... Cada unha delas e cada un deles require unha atención diferenciada do persoal docente.

- A relevancia do período de adaptación queda tamén de manifesto a nivel legal no Real Decreto 1630/2006 de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil e na Orde do 22 de Xullo de 1997 (DOG 2 de setembro) pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos centros educativos de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- “A incorporación de novos escolares ao centro requirirá a planificación do período de adaptación por parte do equipo docente do ciclo. Este período será tratado a través dun plan de acción ao que non serán alleas as nais e os pais e que terá en conta as características especiais da comunidade escolar e os medios dispoñibles no centro.”

## **2 .- CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS NENOS E NENAS DE 3 A 6 ANOS.**

Dicir que, os alumnos/as de entre 2 e 7 ano atópanse segundo Piaget no estadio preoperatorio no período do pensamento intuitivo. O seu pensamento presenta características típicas desta etapa como pode ser:

**-Egocentrismo**, que leva ao neno a crer que todos teñen o mesmo pensamento e sentimento que el. Un neno pode apagar a TV cando os seus pais están vendo un programa que lles interesa porque “iso é unha tontería”.

**-A irreversibilidade** xa que non son capaces de seguir un camiño nun sentido e facelo logo no sentido inverso para atopar o punto de partida. Atopan moi difícil a resolución de problemas como: “teño cinco mazás nunha bolsa, logo coloco cinco máis e a continuación saco cinco, ¿cantas quedan na bolsa?”.

**-O pensamento sincrético**

**-Dificultades na transformación**, que fai que perciban que un obxecto cambiou pero non entenden a secuencia de pasos que levan a ese cambio; isto é así porque o seu razoamento é transductivo, vai dun exemplo particular a outro particular. Exemplo deste tipo de pensamento sería: “déronme un xoguete, por tanto debe ser Nadal”; o neno está utilizando dous incidentes particulares: “déronme un xoguete” e “recibo xoguetes en Nadal”.

**-Irreversibilidade centralización**, que fai que a súa atención se fixe nunha peculiaridade e non na situación global. Non son capaces de ver o bosque polas árbores.

**-Adquisición da conservación**, que se refire á capacidade de comprender que a cantidade dunha cousa pode seguir sendo a mesma aínda que cambie a súa aparencia. Se colocamos dúas filas de fichas diante dun neno, este será capaz de contestar que teñen o mesmo número de fichas, pero se a continuación estendemos unha , a maioría dos nenos desta idade dirá que nesta última hai máis.

- A **nivel lingüístico** atópanse no período lingüístico, momento no que a linguaxe oral se amplía e se enriquece rapidamente. Ademais, a nivel de comprensión comezan a entender os plurais e as oracións enunciativas, interrogativas... e a nivel de expresión aparecen as oracións compostas e fala continuamente.

- En canto ao **nivel social** dicir que comezan a relacionarse e identificarse có grupo de iguais, aínda que de momento predomina o xogo en paralelo, caracterizado porque aos nenos gústalles estar xuntos aínda que realicen actividades particulares.

-E por último, o **desenvolvemento psicomotor** esta marcado porque o neno ou nena interésase por explorar o propio corpo e as súas partes, avanzando cara a construción do esquema corporal, mellorando o ton muscular, o equilibrio e orientándose cada vez mellor no espazo e no tempo, afianzando progresivamente a súa lateralidade.

O proceso madurativo dos nenos e nenas de entre tres e seis anos, segue un ritmo persoal e continuo dependente de diversos factores: intelectuais, sociais, ambientais, culturais, emocionais... con todo, hai diversas características que se

aproximan máis a unhas determinadas idades que a outras. A continuación, e a modo de referencia, sinalaremos as máis importantes:

| <b>CARACTERÍSTICAS MOTRICES</b>  |  |   |
|--|--|---|
| <b>3 ANOS</b>  | <b>4 ANOS</b>  | <b>5 ANOS</b>   |
| <p>~ Empeza a entreterse con xogos sedentarios.</p> <p>~ No debuxo, tanto no espontáneo como no imitativo, empeza a controlar o movemento e os trazos son menos difusos e repetidos. Dálle nome aos debuxos que realiza aínda que non garden ningunha semellanza coa realidade.</p> <p>~ Vai perfeccionando o sentido do equilibrio.</p> | <p>~ Corre con facilidade, salta á pata coxa e pode manterse en equilibrio sobre un pé durante varios segundos.</p> <p>~ É capaz de independizar o movemento dos diferentes segmentos corporais: pernas, tronco, brazos, xa non reaccionan tan en conxunto.</p> <p>~ A coordinación fina lévaos a realizar movementos máis precisos, tales como abotoarse a roupa ou coller con máis propiedade o lapis. Agora xa nomea o que vai debuxar antes de facelo.</p> | <p>~ É áxil e controla máis a súa actividade corporal xeral. O sentido do equilibrio é cada vez maior.</p> <p>~ A coordinación fina é máis precisa: manexa o lapis con seguridade e decisión e, os trazos son moito máis precisos.</p>  |
| <b>CONDUCTA ADAPTATIVA</b>   |  |   |
| <b>3 ANOS</b>  | <b>4 ANOS</b>  | <b>5 ANOS</b>   |
| <p>~ Empeza a romper a dependencia afectiva da nai e vai cara unha progresiva independencia.</p> <p>~ Trata de seducir aos demais facendo uso das súas habilidades: período da "graza".</p>  | <p>~ Os tempos pasado e futuro non entran ben na súa comprensión e aínda manifesta pouco interese polos argumentos dos contos.</p> <p>~ Gústalle crear e cambiar de actividade en pouco tempo</p>  | <p>~ Ten desenroladas as capacidades de orden, forma (por exemplo que sexan capaces de gardar os xoguetes).</p> <p>~ Nos xogos, gústalle acabar o que comeza.</p> <p>~ Ten máis desenrolado o sentido do tempo e a súa duración.</p> <p>~ Ten interese por coñecer cousas novas e mantén a atención máis tempo.</p> |
| <b>LINGUAXE</b>  |  |   |
| <b>3 ANOS</b>  | <b>4 ANOS</b>  | <b>5 ANOS</b>   |
| <p>~ O vocabulario aumenta rapidamente alcanzando un promedio de case mil palabras, aínda que non as utilice todas co significado preciso.</p> <p>~ Está na etapa do soliloquio e o xogo dramático. É actor e narrador a un tempo das súas propias accións.</p>  | <p>~ É a idade das preguntas: os por qué e os cómo están presentes a todas horas, aínda que as respostas non lle interesan gran cousa.</p> <p>~ Empeza a usar expresións gramaticais, tales como nin sequera, por pouco,... expresións que implican un considerable grao de pensamento abstracto.</p>  | <p>~ Tanto as preguntas como as respostas son máis axustadas ó contexto. Ten interese por saber cousas acerca da realidade e confúndeno o exceso de fantasía nos contos.</p> <p>~ Exprésase con frases correctas, tanto na estrutura como na forma.</p>   |
| <b>CONDUCTA PERSOAL-SOCIAL</b>   |  |   |
| <b>3 ANOS</b>  | <b>4 ANOS</b>  | <b>5 ANOS</b>   |
| <p>~ Comeza a empregar o termo eu para referirse a si mesmo o que significa que empeza a ter conciencia de</p>   | <p>~ Está ó 50% entre a independencia e a sociabilidade. Vólvese mandón, seguro e ten</p>  | <p>~ É obediente e formal. Independente e autónomo para resolver os seus pequenos problemas.</p>  |

|  |   |   |
|--|---|---|
| quen é el e quen é o outro. Aí nace a “crise de oposición” dos tres anos: vólvese negativo, terco. É unha forma de reafirmar o seu eu. | confianza en si mesmo, e bó deixarlle facer cousas por si solo.<br>~ Realiza máis contactos sociais e pasa máis tempo no grupo de xogo. Comparte cousas. non segue as regras dos xogos. | ~ Xoga con compañeiros imaxinarios.<br>~ Vai tendo conciencia das diferenzas de roles entre os sexos. |
|--|---|---|

### 3.- OBXECTIVOS E FINALIDADES DO PLAN DE ADAPTACIÓN.

- Facilitar o tránsito dun espazo familiar ou dunha organización escolar cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
- Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado (as súas preferencias, o seu desenvolvemento, a súa autonomía, a aceptación de límites...) para mellorar o coñecemento mutuo.
- Colaborar na formación dos pais e nais acerca da etapa evolutiva na que están os seus fillos.
- Mellorar o coñecemento do alumnado.
- Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización temporal diferente e a un mundo relacional distinto.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.

### 4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

#### A NIVEL DE CENTRO

- Reunión entre os membros do equipo de ciclo para organizar o plan de adaptación.
- Elaboración dun folleto informativo sobre aspectos relativos ao período de adaptación para entregarlles ás familias
- Establecemento, dende a xefatura de estudos, dos apoios de profesorado durante o período de adaptación.

#### A NIVEL DE FAMILIA

- Entrega no momento da formalización da matrícula,
- Reunión informativa e grupal das mestras de Educación Infantil coas familias do alumnado de nova incorporación.

Nesta reunión que terá lugar a finais de Xuño, facilitaráselles pautas concretas referidas ao período de adaptación así como outras



recomendacións que contribúan a favorecer o bo desenvolvemento do curso escolar.

- Entrevista individual entre as mestras-titoras e as familias para a cumprimentación da ficha inicial do alumnado.

### **A NIVEL DE AULA**

- Estudo da documentación existente e das fichas rexistro do alumnado de nova incorporación.
- Durante o mes de setembro, o alumnado de nova incorporación tá un horario reducido e irá incorporándose de forma progresiva.
- Contarase con profesorado de apoio ao longo deste período.

## **5.- INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS.**

Os efectos inmediatos que a escolarización produce nos nenos e nenas son.

- A progresiva adquisición de autonomía.
- Desenvolvemento de relacións sociais.
- A ampliación e perfeccionamento da linguaxe.

Para facilitar o período de adaptación do alumnado de novo ingreso, é convinte que as familias teñan en conta os seguintes aspectos:

**Amosar unha actitude serea e tranquila de cara á separación** que supón a escolarización. Hai que empezar por aceptar persoalmente a separación. Os pais sobreprotectores provocan nos seus fillos un maior grao de dependencia emocional. Se os pais viven esa separación con medo ou angustia, transmitiranlla ao seu fillo ou filla, polo que a súa adaptación á escola será máis longa.

Ese mesmo efecto de angustia prodúcese se o neno percibe que o tempo que pasa no colexio supón un alivio para os pais, un momento para desfacerse del. O colexio debe ser un lugar positivo.

**Manifestar e crear actitudes positivas respecto á escola e os seus profesionais**, dicirlle como se chama o profesor ou profesora que vai ter, falarlle do colexio, das actividades que vai realizar, dos nenos e nenas coas que vai xogar, dos xoguetes e materiais que vai atopar,... isto contribuirá a que a criatura perciba o colexio como un lugar seguro e próximo. Esta información estará dispoñible na xornada de porta abertas coincidindo coa matrícula do alumnado.

**Non facer comentarios negativos sobre a escola**, evitando ameazas e facendo que con elas vexa o colexio como un lugar hostil no que terá que seguir unha

disciplina máis estrita que na casa. A imaxe que o neno ou a nena teña da escola ha ser unha imaxe positiva e non represiva.

**Transmitir aos fillos a importancia** que ten para o seu desenvolvemento e formación persoal asistir á escola.

**Facilitar información a mestra/mestre** que poida ser de interese e serva para un maior coñecemento do alumnado. Así contribuiremos a facer da escola un espazo no que se poidan ter en conta as características persoais dos seus fillos e favoreceremos mellor a súa integración.

**Escoitar con comprensión e paciencia** aos nenos e nenas cando contan cousas do colexio e quitarlle importancia a determinados incidentes que aos nenos e aos nenas lles parecen moi graves.

Outras pautas que debemos ter en conta na casa son:

- Falarlle con un vocabulario axeitado, nomeando as cousas correctamente.
- Repetirlle ben a palabra cando a pronuncia mal.
- Lerlle contos.
- Respetar horarios de sono, comidas,...
- Controlar o tempo diante do televisor.
- Conversar, escoitar e interesarse polas actividades da escola.
- Facilitar a relación de xogo con outros nenos e nenas.
- Facilitar a relación con outros ambientes e persoas fóra do núcleo familiar, acostumando ao neno/nena a estar separado dos pais por unhas horas.

Consideramos importante ensinarlle hábitos de autocoidado e autonomía persoal, tales como:

#### **Control de esfínteres**

- Os nenos e nenas deben controlar os esfínteres.
- Autonomía no WC: vestirse con roupa adecuada, con gomas para que poidan subirse e baixarse os pantalóns sin pedir axuda.

#### **Comida**

- É necesario que os nenos e nenas mastiquen ben os alimentos por dous motivos: primeiro, porque aprenderán a comer ben e farán mellor a dixestión; e segundo e moi importante, vailles a favorecer o desenvolvemento da linguaxe oral, aspecto imprescindible para a maduración dos órganos fonoarticulatorios e poder chegar a unha boa articulación.

- Deben comer solos utilizando o tempo que precisen, evitando xogos e procurando falar de cousas familiares.
- Que estén acostumados a estar sentados á mesa durante a comida, utilizar os cubertos, usar panos de mesa, comer san,...

### **Vestido**

- O neno ten que chegar a escola sabendo sentarse só ao WC, e dicir, baixándose e subíndose a roupa que traia posta. Por iso, é aconsellable que sea de gomas na cintura porque lles vai a resultar máis cómoda.
- Quitar e poñer o abrigo, colgar en perchas, subir e baixar cremalleiras, abotoar-desabotoar botóns, poñer e quitar zapatos...

### **Hixiene e aseo**

- Conven inicialos nos pasos que empregamos para lavar as mans: abrir o grifo, mollarse, enxabonarse, aclararse, pechar o grifo e secarse.
- Aprender a sonarse o nariz, pedir para ir ao baño, etc.

### **Sono**

- É importante que antes de chegar á escola, se vaia acostumando a un horario axeitado para deitarse e erguerse para estar as 9:00 no centro, co que iso conleva: asearse, vestirse, almorzar e dirixirse á escola (erguerse con tempo para chegar con tranquilidade).
- Durmir en habitación independente da dos pais, ir retirando a sesta,...

### **Coidados do propio corpo**

- Recoñecer como perigoso tocar enchufes, meter os dedos nos marcos das portas, saber dicir onde lle doe cando está enfermo,...

**Relación co contorno:** saudar, pedir algo, utilizar “ por favor” e “grazas”, coidar e recoller as súas cousas, xoguetes,...

**Preparar as cousas conxuntamente con eles/elas:** falar da escola sin idealizar nin traumatizar, preparar as cousas e que as vaia coñecendo...

Outras recomendacións e normas que facilitan o bo funcionamento da escola:

- **Puntualidade** no horario de entrada e saída da escola. Os primeiros momentos da clase son claves para a adquisición de hábitos e rutinas diarias favorecedoras do desenvolvemento da atención, da autonomía, da observación e comunicación, da expresión oral...; se non respectamos o horario estamos privando aos nenos e nenas destas actividades e ademais interrompemos aos demais coa chegada a destempo.

Na saída é igualmente importante puntualidade, xa que o neno pode sentir medo e ansiedade ao ver que non veñen a buscalo.

- Cando a persoa que recolla a nena ou o neno non sexa o titor, éstos deberán informar á mestra mediante unha autorización por escrito.

- Na entrada, os nenos e nenas incorporaranse á aula cos demais compañeiros.

- De cara a facilitarlles a autonomía para ir ao servizo aconsellamos que traian roupa cómoda e fácil de baixar, sen tirantes, cintos,...

- *Mandilón* , con nome marcado e cinta para colgalo.

- Para a *merenda* do recreo: sipoñemos dun calendario de merendas saudables no que se recomenda un tipo de alimento distinto para cada día da semana.

- Se o neno/a está enfermo non pode asistir á escola.

- Os familiares que recollan a un neno ou nena durante a xornada escolar, deixarán constancia por escrito desta situación.

- O material dos nenos dunha mesma aula e nivel será o mesmo (enviarase unha lista para a súa adquisición). Estará a disposición da aula, de tal maneira que os nenos/as non necesitan traelo nin levalo cada día. Levarán ao final de trimestre unha carpeta cos traballo realizados. O material solicitado recollerase ao longo das dúas primeiras semanas de curso e só cando se dispoña da lista completa.

- Chamarase aos titores diante de incidentes eventuais ou extraordinarios que requiran a colaboración da familia.

- Ao alumnado de nova incorporación, enviaráselle unha folla de recollida de datos coa que se fai unha avaliación inicial. Unha vez cumprimentada, devólvese de novo ao centro a través do neno/a.

## **6.- CALENDARIO E HORARIO.**

A incorporación ao centro do novo alumnado será progresiva e durará dez (10) días lectivos segundo o calendario escolar :

### **Alumnado de 3 anos:**

- Primeiros tres días de setembro : realizaranse 2 grupos, cunha estancia dunha hora e media no centro cada grupo.

- Seguintes tres días de setembro: realizaranse 2 grupos, cunha estancia de hora e media no centro cada grupo.

- Seguintes dous días de setembro: un só grupo cunha estancia no centro de tres horas.

- Últimos dous días: todo o grupo cunha estancia no centro de catro horas.

**Alumnado de 4 e 5 anos:**

O alumnado que xa estivo matriculado no centro en anos anteriores fará a xornada completa dende o primeiro día que acoden á escola. Os de nova incorporación poderán seguir o horario e calendario establecido para o alumnado de tres anos, en caso de que se considerase que a súa adaptación así o require.

Estes horarios poderán ser modificados si, a criterio da mestra-titora, se considera que os obxectivos se acadan nun tempo inferior a estas tres semanas. En todo caso comunicarse este feito e o novo horario as familias correspondentes.

**7.- AVALIACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA.**

Realizarase a avaliación do Plan de Acollida a través dunha enquisa que se enviará ás familias do alumnado de nova incorporación coa finalidade de recoller a súa opinión sobre o citado plan. Isto farase ao final do primeiro trimestre.

As mestras-titoras avaliarán a adaptación de cada unha das criaturas e recollerán os datos na ficha de observación do período de adaptación.

O equipo de ciclo analizará o proceso de adaptación de cara a recoller os aspectos positivos e os negativos, e introducir así as modificacións oportunas para o vindeiro curso.

# ANEXOS

Incorporados na documentación do PEC atópanse os PROTOCOLOS dacordo cos PLANS vixentes na propia lexislación educativa, que enumeramos e referenciamos a continuación:

1. Protocolo de absentismo escolar\_ Instrucións 31 de xaneiro
2. Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario
3. Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)
4. Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temprá
5. Protocolo de Atención educativa domiciliaria
6. Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica ( Addenda de Diabete e Anexos adenda de diabetes
7. Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
8. Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo
9. Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de de xénero
10. Protocolo de Protección de datos
11. MEDIDAS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROMOCIÓN DA SAÚDE FRONTE AO COVID-19 PARA CENTROS EDUCATIVOS NO CURSO 2020-2021(orden EFP/561/2020, do 20 de xuño, BOE nº 175 do mércores 24 de xuño de 2020)

## A PROPIA DOCUMENTACIÓN DO CENTRO DISPOÑIBLE NA PÁXINA WEB:

- PXA e NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)
- PLAN DE CONVIVENCIA
- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

## DOCUMENTACIÓN LEGISLATIVA VIXENTE:

- LOE texto consolidado coas incorporacións da LOMCE (BOE 30-12-2013)
- LOMCE Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- LODE Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito a Educación (BOE 04-07-1985).